

fiot 34
CARBALLO www.fiot.gal

FESTIVAL INTERNACIONAL
OUTONO DE TEATRO

RAÍZ VIVA,
MEMORIA COLECTIVA

RAÍZ



25.09 - 31.10.2025

ORGANIZAN:



AC Telón e Aparte

PATROCINAN:



Benvidas e benvidos ao Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, un intenso programa para gozar do teatro e festexar o latexo dun corazón que leva 34 anos bombeando cultura, encontro e emoción. Por iso dicimos con orgullo: *FIOT, o corazón do teatro en Galicia*. Porque aquí conflúen artistas, públicos e linguaxes. Porque desde Carballo, este festival quere vibrar ao ritmo de Galicia e proxectarse ao mundo. E porque para nós cada edición é un acto de amor ao teatro, á cultura e á nosa xente.

“O lema para este ano é moi poderoso: *“Raíz viva, memoria colectiva”*. Na era da globalización e da sociedade líquida poñemos en valor a raíz. Aquilo que nos sostén, que nos conecta coa orixe da nosa identidade, coa tradición, coa nosa historia e coa terra

O lema para este ano é moi poderoso: *“Raíz viva, memoria colectiva”*. Na era da globalización e da sociedade líquida poñemos en valor a raíz. Aquilo que nos sostén, que nos conecta coa orixe da nosa identidade, coa tradición, coa nosa historia e coa terra. O que dalgunha maneira fai que sexamos como somos. E esta é unha

raíz fonda, como as dos carballos, pero non inmóbil: é viva, medra, adaptación, aliméntase de novas olladas e ideas. Soporte dun ser vivo que se ergue, que dá acubillo e alimento a outros, que palpita con forza e que leva dentro a promesa de novas primaveras. O que fai que cada ano de novo o FIOT medre e renaza fresco e vizoso. A memoria colectiva é o tecido que nos une como comunidade, o micelio, o que nos conecta cos que nos precederon. E para nós, tamén é o que nos lembra que o teatro non é só unha arte, senón que é un espazo de reflexión, entendemento da realidade, diálogo e transformación. Por iso, a imaxe da 34 edición do festival, esas mans de muller xerme de raíces, é un recordatorio visual do que somos: herdanza e futuro, traballo e coidados, tradición e renovación, unidas nun mesmo xesto.

“ O FIOT quere seguir sendo un escaparate de excelencia artística e un punto de encontro entre creadoras, públicos e comunidade

Un festival que constrúe cidadanía, que se alimenta da memoria, da súa forte presenza e raizame no noso, mais que non deixa de medrar e de proxectarse cara o exterior.

O FIOT quere seguir sendo un escaparate de excelencia artística e un punto de encontro entre creadoras, públicos e comunidade. No 2025 presentamos corenta e cinco espectáculos, dúas coproducións propias, once estreos absolutos e once estreos en Galicia, e catro proxectos que acompañamos con emoción na súa xestión. Contaremos coa participación de compañías de 3 países -Arxentina, Bélxica e España- e 9 comunidades autónomas. Viaxes narrativas e emocionais diversas, colectivas e individuais, con figuras imprescindibles da escena contemporánea, con compañías que seguimos na súa traxectoria e con valores emerxentes a descubrir; con propostas transversais e inclusivas para o goce de todos os públicos, e con proxectos arriscados que nos retan como espectadores. E sempre, buscando a singularidade artística e a autenticidade. De novo, o Outono de Teatro expándese máis alá dos escenarios. Unha trintena de actividades de mediación encherán Carballo de encontros, presentacións, obradoiros, faladoiros, exposicións, gravacións, premios e propostas coas que creamos públicos e teatro, que fan do FIOT un espazo compartido para vivir o teatro. Non son

só números: son o reflexo dun esforzo colectivo, dunha programación que intenta pensar en todos e para todos e dunha aposta firme pola calidade e a diversidade.

“ Procuramos o mellor das nosas raíces xunto a propostas innovadoras que miran ao futuro. Queremos que cada espectador, ao saír dunha función, sinta a emoción de vivir algo único

Procuramos o mellor das nosas raíces xunto a propostas innovadoras que miran ao futuro. Queremos que cada espectador, ao saír dunha función, sinta a emoción de vivir algo único. Gozamos dunha forte alianza para logralo: o mellor dos equipos, o apoio das compañías e de incontables colaboradores que confían en nós, o compromiso dos nosos patrocinadores e das administracións e, sobre todo, contamos coa fidelidade do público e co respaldo de Carballo, que cada outono se converte nun gran escenario. Sentímonos moi afortunados e a todos lles damos as grazas con sinceridade.

Acreditamos que o teatro é raíz e é vida. É memoria e é presente. É renovación e é futuro.

Ven vivir con nós o FIOT34. Que o FIOT siga a latexar!

PROGRAMA DE SALA

RAÍZ VIVA,
MEMORIA COLECTIVA

Ven 3 out - 21.00 | Sáb 4 out - 20.00

AINÉ PRODUCIÓNS (Galicia) *Territorio Regueifa*

> **FIOTEEEN**
Preestrea co alumnado de
secundaria, o 3 de outubro

* ESTREA ABSOLUTA
* COPRODUCCIÓN FIOT

“ A regueifa e o teatro
Son un novo territorio
Agardemos que gocedes
E sexa satisfactorio



10 € | 75 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 12 ANOS)

Combinando o xeito de regueifar, a retranca e a música cos códigos do teatro de proximidade, tres recoñecidos regueifeiros e músicos traen á escena unha forma moi nosa de humor e crítica social, achegando ao público de hoxe a historia, o oficio, e o mundo desta ancestral expresión cultural.

Carballo e Bergantiños son recoñecidas pola riqueza do seu patrimonio cultural inmaterial e, en particular, do oral, que forma parte da nosa identidade. En Carballo, a regueifa mantense viva cos regueifeiros tradicionais e con proxectos de revitalización. O FIOT non pode ser alleo a explorar este *Territorio Regueifa*, unha inédita e ambiciosa proposta escénica que pon en valor este xénero artístico que consiste en manter unha disputa dialéctica improvisada en verso entre varios participantes e que está en consonancia co lema desta edición do FIOT, a raíz como orixe da identidade propia e colectiva.

Improvisación, humor, música, teatro e a “chispa” e espírito festivo propio da regueifa configuran un espectáculo total! O divertimento está, sen dúbida, asegurado.

O FIOT e o Centro Dramático Galego colaboran como coproductores deste proxecto de Ainé, a produtora dirixida por Xosé Antonio Touriñán cunha década de experiencia na creación de espectáculos de artes escénicas pensando no público e comprometidos coa lingua e a cultura de Galicia.

Estade atentos a outras actividades complementarias que acompañarán este proxecto!

Interpretación: Manolo Maseda, Lupe Blanco e Josinho da Teixeira. Deseño de iluminación: Gonzalo Porteiro. Escenografía: Carlos Alonso. Autoría e dirección: José L. Prieto

Ven 10 out - 21.00

PONT FLOTANT (Comunidade Valenciana) *Adolescencia infinita*

* ESTREA EN GALICIA
* PREMIO DO PÚBLICO 2022

Son unha sociedade secreta de persoas extremadamente divertidas e aburridas, apáticas e pasionais, medorentas e arriscadas, directas e enigmáticas. Lúcidas. Abertas a miles de posibilidades. Por uns instantes, queredamos pertencer a esta sociedade para revivir todo o pracer e a dor do proceso de transformación máis brutal na vida dunha persoa.

Tres adultos intentan entender a adolescencia desde a madurez. A través de divertidas situacións de convivencia confrontaremos a súa mentalidade coa dos adultos, buscando o encontro e rompendo estereotipos. Que lembramos dese período tan cheo de vida e destrución? Que recuperaríamos daqueles anos e que desexaríamos borrar?

A través do humor, da ironía e da tenrura, música en directo e moita hormona adolescente, enerxía de festa, gritos e choros, Pont Flotant pon o foco neste proceso vital cheo de luces e sombras.

Interpretación Joana Alfonso, Yolanda García, Jesús Muñoz e Javi Vega.
Espazo escénico, deseño de figuras e vestuario: Joan Collado. **Iluminación:** Marc Gonzalo (All). **Espazo sonoro:** Adolfo García. **Composición musical:** Adolfo García e Javi Vega. **Asesoría artística:** Fermín Jiménez. **Texto, dramaturxia e dirección:** Joan Collado, Jesús Muñoz e Pau Pons (Pont Flotant)



“Canta distancia
hai entre aquel ou
aquela adolescente
e a persoa que es
hoxe?”

12 € | 80 MIN | PÚBLICO ADULTO (+ 12 ANOS)

Como é característico da compañía que ten unha traxectoria de 25 anos, esta é unha creación colectiva froito dun longo proceso de investigación no que inclúen o seu entorno social e no que mesturan realidade e ficción, diferentes linguaxes e sobre todo unha relación íntima co espectador. Seguro que nos conquista igual que a súa anterior obra, a premiada *Eclipse total*, pola que recibiron, entre outros, o Max á Mellor autoría teatral, ademais do Premio do público do FIOT.

Sáb 11 out - 20.00

CÍA. CAMPI QUI PUGUI (Cataluña) *Matres*



“Unha historia
de amor,
superación
e zapatillas
voadoras

10 € | 65 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 6 ANOS)

Jordi medra nun pequeno pobo, rodeado de paxaros, de flores de camomila e de tres mulleres: a nai, a tía e a avoa. Tres xeracións que exercen de nais. A vida convértese nunha auténtica loita de súper heroes e súper heroínas e os desafíos máis duros en aventuras que formarán parte da súa vida.

Actores, máscaras e bonecos crean un mundo máxico para contar unha fermosa historia sobre a maternidade e a infancia, a vida e a perda, a enfermidade e a morte desde a ollada tenra dun neno que intenta comprender. Un relato de aventuras e emocións e, sobre todo, do amor que lle deixaron como legado as súas vivencias.

O encontro interxeracional é o obxectivo de Cía Campi, que se vale de recursos visuais,

da diversión e da emoción para chegar de maneira universal a adultos e maiores, na procura do neno que todos levamos dentro. Levaron o seu traballo a máis dunha ducia de países de Europa, América e Asia.

Interpretación: Cristina García, Aitana Giral, Erik Varea e Jordi Pedrós. **Visión externa:** Iñaki Rikarte. **Escenografía, máscaras e monicreques:** Plancton Escena. **Música:** Manuel Dabove. **Iluminación:** Marc Espinosa. **Vestuario:** Rosa Solé. **Dramaturxia:** Creación colectiva de Jordi Pedrós, Cristina García, Aitana Giral, Erik Varea e Marc Espinosa. **Dirección:** Rosa Díaz

> Ao inicio da función celebrárase o acto de entrega do galardón Xogaresa de Outono 2025 a Areta Bolado

Ven 17 out - 21.00

GABRIEL CHAMÉ BUENDIA / BUENDIA THEATRE (Arxentina)

Medida por medida (La culpa es tuya)

* ESTREA EN GALICIA



“Non xulgues, se non queres ser xulgado, porque co xuízo que xulgas, xulgarante, e coa medida que mides, medirante”

12 € | 100 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 12 ANOS)

O duque Vincentio de Viena, preocupado pola decadencia moral do seu pobo, deixa no poder ao intachable Angelo. Mais, en segredo, disfrazarase de frade para observar o que acontece. Angelo aplica inflexiblemente a lei e condena a morte a Claudio por deixar embarazada á súa prometida. O duque, desde a sombra, intervirá nunha trama chea de tensións éticas, políticas e sexuais, ata chegar a un final inesperado.

Dez anos despois da súa anterior visita ao FIOT, o prestixioso arxentino mestre de actores Gabriel Chamé Buendia volve a reinventar a Shakespeare desde o humor físico e unha linguaxe escénica lúdica que recorda a mellor tradición xograresa.

A obra cuestiona as estruturas morais que nos gobernan e revela as tensións entre o poder e a responsabilidade, situando a figura feminina no centro dun conflito inqueda e actual: o abuso de poder político e sexual. Chamé propón unha reflexión sobre un presente infantil e vixente que culpabiliza sempre ao outro e sobre os lazos íntimos ente a nobreza e a baixaza do ser humano.

Interpretación: Matías Bassi, Nicolás Gentile, Agustín Soler, Elvira Gómez, Marilyn Petito
Vestuario: Cecilia Allasia. **Iluminación e escenografía:** Jorge Pastorino. **Deseño sonoro:** Sebastián Furman e Gabriel Chamé Buendia
Autoría: William Shakespeare. **Tradución, adaptación e dirección:** Gabriel Chamé Buendia

Sáb 18 out - 20.00

NEEDCOMPANY (Bélxica)

Un sublime error

* ESTREA EN GALICIA

Un home cun traxe branco inmaculado, só no escenario, constrúe unha instalación de vidro mentres nos fala. Observa o mundo con asombro e non comprende por que motivo forma parte del. Recíbenos no seu propio funeral e retrata e relata a vida de tres amigos inseparables e moi diferentes, entre recordos e imaxes, conversas filosóficas, humorísticas e cotiás; no fráxil equilibrio da vida.

Sen decorados nin artificios, só a palabra e a presenza escénica para narrar unha historia de amizade e de amor e de todas esas pequenas cousas que fan que a vida valga a pena. A obra está interpretada polo arxentino Gonzalo Cunill, un dos colaboradores habituais de Lawers, que cun tenro humor acompañaranos a esta poética celebración da vida.

A compañía Needcompany percorreu os escenarios máis prestixiosos do mundo e Jan Lauwers é un dos grandes nomes da escena europea contemporánea. Cunha linguaxe innovadora, o director, dramaturgo, artista visual e fundador desta célebre compañía belga explora as fronteiras entre teatro, danza, artes visuais e escritura, sempre cunha mirada poética e comprometida.



12 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO


“Qué otorga la identidad, ¿el corazón o el cerebro?. Un tema complicado este de la identidad. Christine decía que tenía que ver con el alma”

Interpretación: Gonzalo Cunill. **Música:** Rombout Willems
Traducción: Micaela van Muylem. **Dramaturxia:** Elke Janssens
Texto e dirección: Jan Lauwers

Dom 19 out - 20.00

CÍA. LUCAS ESCOBEDO e CÍA. NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO (Comunidade Valenciana e Comunidade de Madrid)

Farra



* ESTREA EN GALICIA
* PREMIO MAX AO
MELLOR ESPECTÁCULO
MUSICAL 2025



Lucas Escobedo convídanos a
participar escribindo os nosos
propios versos:

-----ar.
Por eso he venido a Farra
Y esto quiero celebrar

15 € | 75 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 6 ANOS)

Festa, celebración, cultura e comunidade encóntranse durante o tempo de carnaval de 1568 ou de 1668 ou de 2025. Durante o entroido todo é posible: as normas cambian e o mundo réxese por paradoxos. Un grupo de cómicos esperan a ansiada visita do rei Felipe. Entre danzas, versos, cantos, xogos e celebracións, abren a porta á festa, á música, á maxia, á acrobacia e á comedia. A modo de cabaré barroco, viaxaremos con eles por un Século de Ouro que tende pontes coa actualidade

O espectáculo reivindica a celebración, a cultura e a comunidade fronte á hiperactividade e á velocidade dos tempos. A súa importancia para desenvolver a imaxinación, nutrirse do noso patrimonio cultural, e, sobre todo para emocionarse e rirse.

Unámonos á *Farra* e gozemos públicos de todas as idades co espírito de experimentación e co risco da compañía do artista multidisciplinar Lucas Escobedo, que se aliou coa Compañía Nacional de Teatro Clásico para fundir os seus sinais de identidade, o circo, o teatro, a música en directo e o humor, co verso e coa tradición barroca. Ademais de colleitar éxitos nos escenarios de toda España o traballo foi recoñecido co Max ao Mellor Espectáculo Musical 2025.

Interpretación: Raquel Molano, Lucas Escobedo, Alfonso Rodríguez, Paula Lloret, Irene Coloma Priego e Jesús Irimia (Xuspi). **Asesoría de movemento:** Mar Navarro. **Vestuario:** Ana Llena e Soledad Seseña. **Escenografía:** Xavier Erra. **Diseño son:** Óscar Guzmán. **Diseño iluminación:** Manolo Ramírez. **Dirección e composición musical:** Raquel Molano. **Dramaturxia:** María Díaz y Lucas Escobedo. **Dirección:** Lucas Escobedo

Ven 24 out - 21.00

BARCO PIRATA e TEATRO ESPAÑOL

(Comunidade de Madrid)

14.4



> AVISO AO PÚBLICO: utilízanse
aparatos de luz estroboscópica
que poden afectar a persoas con
problemas de epilepsia



A Ítaca coa
que soña
todo viaxeiro

12 € | 110 MIN | PÚBLICO ADULTO

A só 14,4 quilómetros de distancia existen dous mundos que parecen inalcanzables entre si. Ahmed, un neno que foxe do maltrato familiar en Tánxer, sobrevive nas rúas soñando con chegar a España, ese paraíso imaxinado que promete unha vida mellor. Pero ao outro lado da fronteira comeza unha nova odisea, afastada do soñado pero chea de humor, aventuras, solidariedade e loitas inesperadas.

Non é un conto. O protagonista interprétase a si mesmo nunha actuación desbordante de autenticidade e magnetismo que destila humanidade e pola que foi recoñecido nos Premios Max como finalista a mellor actor.

Peris-Mencheta coñeceu a Ahmed hai 15 anos e prometeulle que o subiría a un escenario para compartir a súa historia co público. En colaboración con outro referente do teatro actual como Juan Diego Botto, constrúen agora un relato de migración, soños e supervivencia, cunha linguaxe sobria e realista pero á vez lírica e poética que nos encolleira o corazón.

Interpretación: Ahmed Younoussi. **Vestuario:** Elda Noriega. **Composición musical:** Joan Miquel Pérez. **Diseño de son:** Benigno Moreno. **Vídeoescena:** Ezequiel Romero. **Diseño de iluminación:** Javier Alegría. **Diseño de escenografía:** Alessio Meloni. **Dramaturxia:** Juan Diego Botto, Sergio Peris-Mencheta e Ahmed Younoussi. **Dirección:** Sergio Peris-Mencheta

Sáb 25 out - 20.00

CONTRAPRODUCCIÓN (Galicia)

Yo solo quiero irme a Francia

* ESTREA EN GALICIA

Inés asiste ao velorio de Pilar, quen decide deixarlle a súa casa en herdanza sen tela coñecida nunca e sen avisar á súa neta. Xuntas descubrirán un pasado que descoñecían, abrindo vellas feridas familiares que se remontan á infancia de Pilar durante os últimos meses da Guerra Civil e á súa mocidade.

Sobre as táboas veremos a catro mulleres de diferentes xeracións que buscan ese lugar que tanto anhelan e imaxinan que algúns chaman liberdade.

Este é o debut como directora de Elisabeth Larena, autora tamén do texto, á que, durante a súa escritura, acompañaron as súas memorias, que non foron vividas por ela, senón pola súa avoa.

O espectáculo está protagonizado por María Galiana, grandísima actriz de cine e de teatro, gañadora dos máis importantes premios como o Goya ou Mérito a las Bellas Artes do Ministerio de Cultura. Xunto a ela, subiranse ás táboas Nieves de Medina, Anna Mayo e a galega Alicia Armenteros. Esta función inicia a xira desta nova aventura dunha das produtoras galegas máis sólidas, Contraproduccións.

Interpretación: María Galiana, Alicia Armenteros, Nieve de Medina e Anna Mayo. **Dirección:** Elisabeth Larena



15 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO (+ 14 AÑOS)

“ Canto pesan as herdanzas emocionais, esas que ninguén reclama, pero que fan sufrir a xeracións?

Ven 31 out - 21.00

CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL, CASSANDRA P.A. E ANDREA JIMÉNEZ (Comunidades de Madrid e de Cataluña)

Vulcano

* ESTREA EN GALICIA
* PREMIO DO PÚBLICO 2024



“ Debes estar preparado para arder no teu propio lume. Como poderías renacer sen terte convertido en cinzas? Nietzsche

12 € | 95 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Vulcano é a historia dunha familia que tenta salvarse dun trauma pasado: o incendio do seu edificio, un suceso con consecuencias trágicas, que deixa pegadas profundas nos que sobreviviron. A chegada dunha reporteira e o intento de reconstruír o que sucedeu alteran o concepto da verdade e poñen en dúbida a versión orixinal dos feitos.

Cun moito humor e cun formato de thriller e investigación criminal ponse de manifesto como manipulamos a memoria á hora de construír os nosos relatos e de como os precisamos para comprender ou curar, para dar sentido ao que somos. Unhas excelentes interpretacións e unha imaxinativa posta en escena con gran protagonismo da cámara en directo fan da obra un xogo escénico que investiga os cruces entre realidade e ficción e que mestura drama social, tensión e misterio con comedia.

A peza é o resultado do encontro entre as miradas de dúas puxantes figuras da escena contemporánea española, a dramaturga Victoria Szpunberg, Premio Nacional de Literatura Dramática 2025, e a directora Andrea Jiménez, que, na procura dun teatro vivo, realizaron un proxecto de creación colectiva que contou coa coprodución do Centro Dramático Nacional. Na anterior edición do FIOT o público recoñeceu no espectáculo *Casting Lear* a renovadora linguaxe escénica desta directora, que regresa para pechar o programa.

Interpretación: Pilar Bergés, Iván López Ortega, Albert Ribalta, Eneko Sagardoy e Macarena Sanz
Vestuario: Pier Paolo Alvaro. **Espazo Sonoro:** Lucas Ariel. **Video:** Elvira Ruiz. **Escenografía:** Judit Colomer. **Movemento:** Natalia Fernandes. **Texto:** Victoria Szpunberg. **Dirección:** Andrea Jiménez

Sube ao OTNI!

Ao máis exclusivo do FIOT,
ao máis vivo,
ao alternativo
ao creativo,
ao humor intelixente,
á innovación,
ao máis auténtico...
ao EXCEPCIONAL!
Atrévete!

OTNI


As novas e heteroxéneas linguaxes do circo e do teatro de obxectos, que fusionan con personalidade propia teatro físico, movemento, expresividade, destreza, linguaxe visual, danza, plástica, risco, música, poesía e emoción, son as protagonistas desta XIV edición do OTNI. Un cóctel explosivo do que brotarán peculiares personaxes na procura da súa identidade e historias que chegan ás nosas entrañas, á nosa raíz.

Formas exquisitas e lúdicas que nos desafían a entender quen somos.



Dom 5 out - 20.00

XAMPATITO PATO (Galicia) Compañía



“Déixate levar
pola beleza
e o humor a
un universo
onírico

5 € | 50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 6 ANOS) | AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Un personaxe solitario, atrapado no seu propio universo, decide abrir as portas da imaxinación na procura de compañía. Criaturas inesperadas e sorprendentes obxectos cobrarán vida e acompañarán ao público por un poético camiño de emoción, sorpresas e risas.

O circo fusiúnase coa arte das marionetas e do teatro de obxectos, e este peculiar personaxe descubriremos como o invisible se volve tanxible e como o imposible se transforma nun xogo compartido de fermosas e máxicas imaxes.

Detrás desta creación está Jesús Velasco Otero, artista multidisciplinar, malabarista

e clown de gran destreza técnica e cunha ampla traxectoria en compañías galegas, nacionais e internacionais. Fascinaranos pola súa capacidade de trasladar ao escenario o seu mundo interior cun selo inconfundible de fragilidade, creatividade, precisión e tenrura.

Intérpretación e creación: Jesús Velasco

Vestuario: Alicia Tojo

Arranxos sonoros: Javier Lemus

Iluminación: Rafael Díaz Ramírez

Deseño escenografía: Jesús Velasco

Escenografía: CruLe Productions

Dirección: Jorge Jiménez e Jesús Velasco

Xov 9 out - 21.00

CHICHARRÓN CIRCO FLAMENCO (Andalucía)

Empaque

* ESTREA EN GALICIA

“ Ahhhh, que yo no soy
aquel que era!
Experiencias,
recordos, emocións,...
son capas que se
entrelazan para
definirnos como
persoas únicas.
Conformar a nosa
identidade é un
camiño que nos
acompaña toda a vida



5 € | 50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 12 ANOS) | AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Empaque de que? O malabarista lanza a pelota ao aire, o flamenco recolle a bata de cola mentres o artista calza as luvas de boxeo para dar patadas coma se fose un rapaciño que tararea unha pregunta que lle rolda a alma. Ti enténdelo?

Nesta viaxe emocional, na que o circo e o flamenco entrelázanse co humor para falar sobre identidade e raíz, crúzanse os límites establecidos para levarnos á propia esencia, alí onde inseguridades e fortalezas se confunden a ritmo de compás, lanzamentos, rebotes e queixumes. Cunha linguaxe contemporánea, mestura malabares, cante, ritmos e palabra para formular unha pregunta universal: quen son? Se ti a tes a resposta... Olé, ti!

Germán J. López Galván sorprende por unha linguaxe propia froito da investigación e experimentación na que fusiona o circo e o

flamenco. Este segundo espectáculo da compañía é froito da colaboración cun equipo creativo de gran relevancia tanto no mundo circense como no flamenco. Estreouse hai só uns meses, pero colleitou xa importantes premios ao mellor espectáculo en feiras como Fetén ou a de Andalucía.

Intérpretación: Germán J. López Galván. Vestuario: Laura León. Vídeo: MacShalbert Productions. Asistencia en coreografía malabar: Miguel Frutos y Morgan Cosquer. Asesoría en voz flamenca: Alicia Acuña. Asesoría en percusión flamenca: Javier Prieto. Asesoría en manipulación de títere: Eudald Ferré. Asistencia coreográfica: Asunción Pérez "Choni". Música e espazo sonoro: Raúl Cantizano. Iluminación: Irene Cantero. Posta en escena: Germán J. López Galván, Ana Donoso Mora. Documentación e letras flamencas: Javier Blancart. Coreografía: Germán J. López Galván. Dramaturxia e dirección: Ana Donoso Mora

Dom 12 out - 20.00

EL PATIO TEATRO (A Rioxa)

Entrañas

“ A onde van os corpos cando
desaparecen? Que somos?
De que estamos feitos?



5 € | 45 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 9 ANOS) | AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Preguntástesvos algunha vez que levamos dentro? A humanidade leva séculos tentando descifrar os misterios do corpo humano, nós... un pouco menos. Un breve paseo pola anatomía converterase nunha viaxe ao interior do noso interior. Unha lección de anatomía tan breve e delicada coma poética.

Este delicioso e sofisticado xogo escénico combina humor, tenrura e reflexión, mesturando a plasticidade do obxecto co poder evocador da palabra. Cunha mirada próxima e conmovedora, a peza convida ao público a explorar o descoñecido desde o máis próximo: o propio corpo.

El Patio Teatro é unha pequena compañía creada hai xa 15 anos da man de Izaskun

Fernández e Julián Sáenz, para achegar ao público historias que xorden da emoción ante o cotiá e da procura dunha linguaxe propia para contalas. A súa singularidade foi recoñecida con múltiples premios nacionais e internacionais, tanto para a compañía, que xa nos visitou hai uns anos, como para esta obra.

Intérpretación: Izaskun Fernández e Julián Sáenz
Vestuario: Martín Nalda
Iluminación e escenografía: El Patio Teatro
Composición música orixinal: Nacho Ugarte
Autoría, guión, dramaturxia e dirección: El Patio Teatro

Xov 23 out - 20.00

BAL CASTRO (Galicia) *Instinto Desexo*

Primeira mostra do traballo en proceso deste proxecto autobiográfico e primeiro traballo de Bal Castro que explora o corpo, o erotismo e a imaxe como moeda de cambio e medio de validación. O artista reflexiona sobre o desexo, a proxección da propia imaxe nos demais e a busca insaciable de amor, convidando o público a percorrer diferentes corporalidades e calidades de movemento nunha experiencia sensorial e íntima.

Bal Castro é actor e bailarín formado en interpretación xestual e danza contemporánea que participa en proxectos nacionais e internacionais con outras compañías. Presentaranos o resultado e o estado do traballo que realizou na residencia artística que tivo lugar no mes de xullo no Pazo da Cultura, a través do Programa de Residencia Paraíso 2025 promovido polo colectivo de artistas de artes vivas RPM co que colabora a Concellaría de Cultura e o FIOT.

* WORK IN PROGRESS



ACCESO GRATUITO | 30 MIN | PÚBLICO ADULTO
PAZO DA CULTURA


“ Sensacións físicas e pensamentos gardados na memoria corporal. Corpo, imaxe, desexo e sexo

RPM
RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

Dom 26 out - 20.00

CÍA CAÍ (Cataluña) *Masa madre*

* ESTREA EN GALICIA



“ Masa madre: substancia que precisa ser alimentada para transformarse

5 € | 60 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 8 ANOS) | AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Unha sala de espera. Un forno a 200 graos. Unha máquina de escribir. O son duns zapatos de tacón. Un cordón umbilical. 250 g de fariña de trigo. Un trapezio envellecido. Dous cabelos trenzados. Unha mesa, un vaso, unha rosa. Un mundo ideal.

Ninguén sabe que pasa coas princesas cando remata o conto. Seguramente sorprenderíamónos ao ler todas as segundas partes que non foron escritas... porque pode que non pasemos a vida comendo perdices.

Este espectáculo de circo contemporáneo, amasado con paciencia, con técnicas aéreas, teatro físico e texto, explora o destino humano: nacer, reproducirse (ou non) e envellecer ata morrer. Unha reflexión poética sobre a maternidade e a caducidade

do corpo, sobre a vida, sobre as historias que continúan e aquilo que permanece oculto despois do final do conto, contada desde unha das raíces da nosa identidade como carballeses, o pan.

CAÍ concibe o circo como linguaxe de comunicación e expresión, levando á escena materiais persoais. Creada en 2015, participa en proxectos para dar sororidade á muller nas artes escénicas.

Intérpretación: Sabrina Catalán e Elia Pérez.
Audiovisual: Nico Nale. Deseño de iluminación: Mateo Martínez. Composición musical: Mateo Martínez. Escenografía: Pau Seguí.
Acompañamento artístico: Cata Aguayo. Idea orixinal: Cía CAÍ. Dramaturxia: Cía CAÍ e Raúl García. Dirección: Raúl García



Mér 29 out - 20.00

PAULA QUINTAS CÍA. (Galicia)

Desde o corset á danza vertical: Do rigor clásico á liberdade aérea contemporánea. Conferencia en movemento. Cápsula 1

As formas buscaban a elevación idealizada no ballet clásico, combatendo a gravidade e encorsetando os corpos. A comezos do século pasado a mirada cambia e comeza unha contemporaneidade en formatos e linguaxes, ata chegar a transformar o espazo e a darlle a volta aos escenarios.

É a cápsula 1 é a primeira mostra ao público dunha nova produción na que está come-zando a traballar a creadora Paula Quintas, unha conferencia en movemento que propón un percorrido vivo e poético pola historia da danza e do circo, entre a disciplina do corpo e a súa liberdade aérea.

Paula Quintas é un bailarina, creadora, coreógrafa e directora artística galega de referencia e cunha linguaxe persoal que explora a danza contemporánea, a verticalidade e a relación do corpo co espazo, sempre na procura de novos modos de comunicar e de compartir co público. No FIOT 33 estreamos o seu espectáculo *Multiperspectivas#3*.



Entre tradición e experimentación, do corset clásico á liberdade aérea

* WORK IN PROGRESS



ACCESO GRATUÍTO | 40 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 12 ANOS)
PAZO DA CULTURA

Intérpretación: Paula Quintas
Deseño audiovisual: Fran Rodríguez Casal
Asesoría circense: Raquel Oitavén e Mércé Solé
Coreografía: Rut Balbís e Paula Quintas
Iluminación: Xacobo Castro Torres
Dirección: Vivian Friedrich, Rut Balbís e Paula Quintas

FIOT EN RUTA

RAÍZ VIVA,
MEMORIA COLECTIVA



Dom 12 out - 12.30

MARIÑA LESTÓN (Galicia)

Costa da Morte, cartografía dun naufraxio

Unha viaxe ao pasado do noso mar a través de relatos reais e de cantigas populares interpretadas en directo. Historias sobre naufraxios ocorridos na Costa da Morte que nos levan a lembrar aos que faleceron nestes accidentes e tamén aos que quedaron na terra: as viúvas, os orfos, os que socorreron...

Co noso mar de Razo como singular e fermoso escenario, gozaremos desta proposta multidisciplinar na que potentes imaxes e proxeccións, música e cantigas acompañan a relatos que falan da nosa orixe e da realidade que nos rodea, da nosa tradición oral e tamén da nosa memoria.

Esta obra está coproducida polo Centro Dramático Galego e a súa creadora é Mariña Lestón, que contou co apoio dun amplo e potente equipo. A fisterrá, que medrou escoitando falar de naufraxios na Costa da Morte, procura unha linguaxe propia en diálogo coa realidade e identidade galega.

Máis información e inscricións na ruta de sendeirismo pola costa Razo-Baldaio para protexer organizada pola Asociación Ambiental Senda Nova en <https://www.sendanova.org/proxectos/outono-en-marcha>



Interpretación
en lingua de
signos



PRAIA DE RAZO
(zona do parque infantil)

No caso de choiva, informarase de nova ubicación



Para que as súas historias
non caian no esquecemento



5 € | 50 MIN | PÚBLICO ADULTO

Interpretación: Mariña Lestón. Iluminación: Jorge Álvarez
Espazo escénico e vestiario: Carlos Alonso. Imaxe e
audiovisuais: Anxo Beiro. Proxeccións e vídeos animados:
Xaime Beiro. Deseño de son: Anxo Beiro. Asistente vocal:
Cristina Domínguez. Apoio na dramaturxia: Vanesa Sotelo
Música, dramaturxia e dirección: Mariña Lestón

Dom 19 out - 18.00

P.T. EXCÉNTRICAS (Galicia)

Mala vida e pior morte de Ricardo III

Quen foi Ricardo III de Inglaterra? Un conspirador? Un monstro? Un asasino sen escrúpulos? Neste divertimento cun punto de vista histórico, de lirismo patético pero no que prima o humorístico, o defunto Ricardo III rebaterá a historia negra que cae sobre el debido a un tal William Shakespeare, explorando esta manipulación histórica e cultural.

Entre táboas e serraduras, nun recuncho do serradoiro do Tarambollo, o actor Evaristo Calvo carga coa coroa e abraiaranos cunha interpretación audaz e cómica na que dá vida a múltiples personaxes e reivindica a humanidade do monarca fronte ao cruel retrato coñecido. Acompañaranos ás raíces máis dignas e máis ridículas do corazón humano.

Este clásico deconstruído e desafiado é o proxecto máis persoal de Evaristo e no que leva inmerso varios anos e para o que se acompañou dun diverso equipo e contou coa coprodución do Centro Dramático Galego.



Ata os reis teñen
os seus días
malos... e as súas
mortes peor aínda



SERRADOIRO
EUCATAR
(O Tarambollo, Sofán)



5 € | 75 MIN | PÚBLICO ADULTO (+ 12 ANOS)

Interpretación: Evaristo Calvo. Espazo escénico: Marta Calvo
Espazo lumínico: Octavio Mas. Asesoría histórica: Cristina
Mourón. Adestramento creación: Ana Vallés. Mirada externa:
Alessandra García. Textos e dramaturxia: María Lado,
Evaristo Calvo, Antón Coucheiro e William Shakespeare
Dirección: Antón Coucheiro e Evaristo Calvo

Dom 26 out - 18.00

THE MOMENTO IMPRO (Galicia)
Absurdia



5 € | 70 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Unha paisaxe desolada: podería se un vertedoiro, unha fábrica abandonada ou unha trincheira. Montóns de cadeiras desordenadas. Tres personaxes abafados por completar unha tarefa que non comprenden e que nunca termina. Falan, calan, discuten, retórcense, pelexan e abrázanse. Parece que non poden marchar.

Absurdia é un espectáculo de improvisación, inspirado no teatro do absurdo e na poética do clown, no que os actores dan vida aos personaxes, improvisan diálogos e desenvolven escenas a partir das suxestións do público. Unha fábula que se rí do absurdo da condición humana: da inxenuidade e da vileza, da soidade, da fragilidade, dos fracasos ou a incomunicación.

Esta compañía pioneira da impro en Galicia está formada polos destacados clowns galegos Daniel Blanco, Arturo Cobas e Antón Coucheiro. A partir de situacións esperpénticas, diálogos delirantes e humor xestual, crean en directo, ante os espectadores, unha obra que combina risa, reflexión e emoción. A obra gañou recentemente o Festival Iberoamericano de Teatro Improvisado celebrado na República Dominicana e o Impro Fest de Alacante.

Interpretación: Daniel Blanco, Arturo Cobas e Antón Coucheiro
Coreografía: Paula Quintás
Iluminación: Beatriz Rubio
Son: Daniel Blanco
Dirección: Antón Coucheiro e Walter Velázquez

TEATRO DE RÚA



ANIMACIÓN DE RÚA | Xov 25 set - 19.30 h



Interpretación e idea orixinal: Dani Blanco
Vestuario e escenografía: María Alejandra Gómez
Dirección artística: Walter Velázquez e Natalia Outeiro "Pajarito"

RÚAS DE CARBALLO

asSIRCÓPATAS (Galicia)
Rogelio

O irreverente Rogelio, aprovisionado cos elementos máis divertidos do circo, visita Carballo para anunciar o comezo do 34 FIOT!

Tropezarás polas rúas cos seus xogos improvisados construídos con malabares, maxia cómica, equilibrios imposibles, un chisco de terror terrorífico, moitas risas e mesmo escapismo.

Prepárate para participar! Se non coñeces a Rogelio, vaste namorar del.

Ven 26 set - 18.00

CÍA niMú (País Vasco)

Pausa

PRAZA DA CRUZ VERMELLA

(En caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)



45 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Unha pallasa e moitas maletas. Unha viaxe imprevista que nos leva a un lugar onde esperar deixa de ser aburrido para converterse nun momento de xogo e imaxinación sen límites.

Sen palabras, niMú, crea situacións absurdas, improvisadas, cun ambiente poético grazas ao acompañamento en vivo dun violonchelista.

Equilibrios, clown, danza, e xogo co público é a proposta da compañía de Xandra Gutiérrez que chega ao FIOT da man de Camiño Escena Norte, un proxecto liderado por Escena Galega xunto con outras asociacións

“ *Unha pausa antes de volver ao frenético viaxe que nos levou cara ningunha parte*

de artes escénicas da ruta histórica dos Camiños de Santiago, co que o FIOT colabora desde o seu inicio.

Interpretación e autoría: Xandra Gutiérrez e Iván Casado. Vestuario: Yolanda Urkiza. Escenografía: Carlos Monzón. Coreografía: Lucrezia Maimone. Mirada Externa: Pablo Ibarluzea. Dirección: Leandre Ribera

Ven 26 set - 19.30

PLANETA TRAMPOLÍ (Cataluña)

Back 2 Classics

PRAZA DO CONCELLO

(En caso de choiva trasladarase ao 2º andar do Mercado Municipal)

A cama elástica toma vida propia entre as tolemias, os xogos e as acrobacias do seu protagonista e o circo máis clásico fusionarase coas culturas urbanas a través do baile, a música e o turntablism (scratch con vinilo). Unha viaxe ao pasado inspirada en pioneiros da cama elástica onde a simplicidade e a inocencia son claves. Humor, poesía, ritmo e carambolas.

A cama elástica non será só un elemento acrobático, senón tamén un obxecto co que interaccionar, un elemento xerador de ingravidez e deformador do cotiá. A creación sonora en directo fai da música un motor vivo da acción e intégrase co movemento.

O acróbata, artista e formador Angel de Miguel conta cunha ampla experiencia internacional. Funda esta compañía no ano 2017 coa vocación de crear unha linguaxe polivalente arredor da cama elástica e de reivindicala como disciplina central do circo actual. É un proxecto independente e persoal que conxuga o risco e a calidade técnica do circo tradicional coa expresividade e virtuosismo do contemporáneo.

“ *Acrobacias, música e humor sobre unha cama elástica que cobra vida*



40 MIN | TODOS OS PÚBLICOS


Intérprete e acróbata, e idea orixinal: Ángel de Miguel García. Vestuario: Rocío B. Reyes. Escenografía: Benet Jofre e Planeta Trampolí. Dirección: Planeta Trampolí

Ven 3 out - 19.30

PISTACATRO (Galicia) *Sen patrón*

PRAZA DO CONCELLO

(En caso de choiva trasladarase ao
2º andar do Mercado Municipal)



50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

No mundo dos malabares, todo segue un patrón, unha orde, un ciclo perfecto que garante que as bólas non caian, que as mazas tracen o seu camiño no aire e que os diábolos xiren sen fin. Pero, que pasa cando tres malabaristas queren levar a batuta ao mesmo tempo?

Aquí non hai quen mande, só mans que compiten e obxectos que voan por riba das súas cabezas nun aparente caos divertido e fascinante. Tres cómicos que viven a vida como os malabares que controlan, facendo patróns, ciclos que se repiten ata complicarse sen sentido. Entre xogos de poder, equilibrios imposibles e moito humor, descubrirán que a verdadeira maxia non está en quen manda, senón en aprender a xogar xuntos.

Pistacatro é unha compañía e produtora de circo referente en Galicia con vinte anos de traxectoria. Agrupa a numerosos artistas e é pioneira na creación, distribución e profesionalización das artes circenses en e desde Galicia, liderando a promoción do circo contemporáneo. Esta é a súa última obra.

Interpretación: Aitor Garuz, Santiago Montero e Pablo Reboleiro

Música: Manuel Fonte

Dirección de movemento escénico: Marta Alonso
Coreografías de malabares, idea orixinal e dirección: Pablo Reboleiro

Ven 10 out - 19.30

GANSO & CÍA (País Vasco) *Welcome & Sorry*

PRAZA DO CONCELLO

(En caso de choiva trasladarase ao
2º andar do Mercado Municipal)



50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS

Dous amantes do teatro representarán *Hamlet* con total fidelidade ao orixinal. Ter que facer o traballo dunha ducia de artistas e técnicos, presentalo na lingua de Shakespeare e non ter talento nin habilidades non serán impedimento. Ou si? Se William erguese a cabeza, quizais non estaría orgulloso pero, polo menos, botaría unhas risas.

Esta comedia xestual en clave de clown parodia os grandes clásicos e os estereotipos que os rodean e visibiliza o oficio teatral. Un espectáculo fresco e participativo que combina comedia xestual, clown e un humor accesible e universal.

O clown é o punto de partida na creación de espectáculos da compañía de Gorka Ganso e Cecilia Paganini. O seu traballo é artesanal e contemporáneo e os personaxes son reflexo de todos nós e están cargadas de humanidade. Heroes cotiáns, estúpidos e transparentes que nos levan da tenrura á risa.

Interpretación, creación e dirección: Gorka Ganso e Cecilia Paganini

Vestuario: Porota's Mode

Escenografía: Argón Ediskrap


Música: Quico Pugés

Clown coaching: Elise Ouvrier-Bufferet

Mirada externa: Iván Alonso

Textto: William Shakespeare





RÚA DOS CONTOS

RAÍZ VIVA,
MEMORIA COLECTIVA

Xoves 25 set



18.00

Residencia de maiores
(Praza de Vigo)

asSIRCÓPATAS
Rogelio

Rogelio leva vinte anos pechado na súa casa. É un pallaso en recuperación. Agora, por fin, decidiu abrir a porta e volver facer o que máis lle presta neste mundo: a maxia.

Este espectáculo non é só maxia. É unha peza para coñecer a Rogelio, aprender a superar os medos e gozar do circo, dos malabares e da maxia.

Assircópatas é a compañía do pallaso, bufón, improvisador e narrador oral Dani Blanco, que mestura historias reais con ficticias, cun trasfondo social sempre desde o humor.

Esta actuación, adaptada para o FIOT, é un convite especial do FIOT aos usuarios dos centros de maiores de Carballo e da asociación AFABER.

TODOS OS PÚBLICOS

* ESTREA
ABSOLUTA



21.00

Mesón do Pulpo

PEPO SUEVOS
A xira do cuarto de século.
Aventura 2012

Hai quen dura vinte e cinco minutos no escenario. Outros, vinte e cinco funcións. Pepo Suevos leva vinte e cinco anos facendo rir, pensar e rillar a retranca coma quen rilla polbo na súa salsa. E se cumprir anos é cousa seria... hai que celebralo!

A Rúa do contos gáñalle en antigüidade por un ano e as nosas traxectorias mesturáronse en varias ocasións, polo que merecemos que realice unha parada especial deste maratón humorístico por Galicia e a estrea da que foi a súa aventura no medio do camiño, nun local perfecto para xuntar palabra e petisco.

Pepo Suevos é un todoterreo, actor, guionista e monologuista capaz de combinar o humor máis intelixente co máis "brutallán".

5 € | PÚBLICO ADULTO

Venres 26 set



21.00

Café Colón

ÁLEX LOUZAO

Feitizo

Un dente de león a voar, un neno que corre a tocar un arco da vella, un amor fugaz nun tren, un pensamento que se transforma en chamada... Iso é Feitizo. E tamén é este espectáculo do mago Álex, que mestura maxia de salón e de preto, humor, poesía, participación, interacción co público e retransmisión galega nun cóctel que che vai deixar coa boca aberta e o corazón quentinho. Un poema coa maxia en verso e a trampa asonante.

Non é só maxia. É unha invitación a mirar o mundo co mesmo abraio que cando eramos cativos. É humor que agroma suave, xestos pequenos que fan cousas grandes e un artista que, cun sorriso de lado, xoga a ser ilusionista, poeta e pícaro todo ao mesmo tempo.

Álex Louzao é un ilusionista profesional e artista carballés atrapado pola maxia desde neno que durante a súa carreira artística obtivo o Premio Internacional de Maxia de Portugal e percorreu os escenarios de toda a península na súa busca pola fascinación.

5 € | TODOS OS PÚBLICOS



23.00

O Logradouro

LOIS PÉREZ

Da vara e mais da besta

Nun auténtico exercicio de indocumentación artística, o contador de historias lucense, autodenominado “poetastro e apañaletras” Lois Pérez xunta os versos dos seus poemarios con algunhas historias urbanas e contos chairegos e universais, prendendo a guitarra eléctrica ao amplificador para metelos ao trillo. Xaora, soña o cocho co farelo!

Contos, versos e risas da man de Lois Pérez, un mestre das letras e da retransmisión, poeta, narrador, mestre e guionista, gañou múltiples premios literarios e xornalísticos. Cun pé no seu Lugo natal e outro na chairega imaxinación universal, mestura historias urbanas, memoria rural e poesía rockeira. Entre a comedia e o lirismo máis punk.

5 € | PÚBLICO ADULTO

Sábado 27 set



21.00

Casino 1889

MARITA MARTÍNEZ

Contadiña

A avoa de Marita sempre dicía que tardara en falar... pero que, cando arrincou, o que lles preocupa é que non dera calado... sobre todo porque contaba moitas das cousas que escoitaba! Pero é que, claro, hai cousas que merecen ser contadas: ben porque os presenciou en directo ou ben porque lles confiaron os protagonistas. Así nacen os contos e as contadas. Neste caso, unha e pequena, coma ela.

Historias propias e alleas, contadas con moito ritmo, retransmisión e humor fresco. De orixe bergantiña, Marita é actriz, improvisadora, cómica, e monologuista autora dos seus propios textos, que leva anos compaxinando a docencia co teatro profesional e co audiovisual.

5 € | PÚBLICO ADULTO



23.00

A Estación

DARÍO MARES (Castela-A Mancha)

Atroz

Atroz non é só un show de stand-up comedy: É a verdade crúa dun pai moi peculiar, contado desde o absurdo e o humor máis negro. Malabares con historias que nos fan rir pero tamén pensar, desde as peripecias da paternidade ata as pequenas tolemias da vida cotiá -si, admite que as mellores ideas lle veñen “elixindo kiwis no Mercadona”. Humor que conecta con todo tipo de público.

Darío Mares, cómico de cine e mestre dos resumos máis disparatados de pelis, guionista e actor de dobraxe, leva anos conquistando públicos co seu descaro único. Actualmente forma parte do elenco de *Las Noches del Club de la Comedia*.

5 € | PÚBLICO ADULTO

Domingo 28 set - 20.00

* ESTREA ABSOLUTA

QUICO CADAVAL E CELSO SANMARTÍN

Dous ollos de vidro

MERCADO
MUNICIPAL



10 € | PÚBLICO ADULTO

Castelao estreouse como autor literario hai cento tres anos con *Un ollo de vidro*. Nesa obra ameaza con descubrir os segredos do mundo dos mortos. Un ollo artificial permítelle ver a danza dos esqueletes e as tranquilas tertulias dos descarnados. Mais négase a revelar cousa algunha sobre a Santa Compañía, porque di que a xente galega precisa convivir co misterio, como se o misterio fose un animal de compañía.

Celso Sanmartín e Quico Cadaval farán nesta estrea unha lectura insólita da obra do rianxeiro, e con continuadas digresións, comentarios e notas de rodapé, contarán o que Castelao quixo manter segredo. Van descubrir as enrugadas da historia e van estricalas para que o público descubra o que hai alá, no Alén, alá! Dúas ópticas diferentes, as de Cadaval e Sanmartín, que mostrarán un Alén diferente do rianxeiro. Meteranse polo ollo dunha agulla e non darán puntada sen fío.

Inmigrantes, próteses, apostas de tabernas,

romarías, vendedores de bíblias, médicos do seguro, recoveiras e outras palabras que non se entenden, nestes *Dous Ollos de Vidro*.

Cadaval e Sanmartín son dous narradores e opinadores que non precisan presentación, polo menos en Ribeira e en Lalín, e tampouco en Carballo. Sanmartín e Cadaval experimentaron a práctica da lectura iluminada en dúas senlleiras performances poñendo o ramo da exposición *Ollos de Vidro*. O froito destas pesquisas preséntanse nesta estrea mundial de *Dous ollos de vidro* na Rúa dos Contos do FIOT.

Cando se cumpren 75 do pasamento deste autor que forma parte da nosa raíz e se celebra o Ano Castelao, é un luxo estrear no FIOT a homenaxe que lle fan estes dous clásicos da narración, referentes en España.

Interpretación e creación: Quico Cadaval e Celso Sanmartín

Coa colaboración de Bodegas Carballo

Xoves 2 out

Venres 3 out



21.00

Casino 1889

ATENEA GARCÍA
E VERO RILO

Bailen as vellas. Os contos das cereixas

Hai contos que se resisten, coma as cereixas, que veñen da man, un detrás do outro, e saben a memoria viva. Botas os contos á boca, ri r, emocionar, lembrar e resistir con retranca, poesía e música. Un lugar onde a tradición non é pasado, senón presente que latexa.

As narradoras Atenea García e Vero Rilo chegan coas falas das que non calaron, das que bailaron, cantaron e fixeron da vida un conto en galego. Coa pandeireta n man, neste ano no que conmemoramos a ás cantareiras e a todo o legado da transmisión oral da man de mulleres traen á escena un espectáculo para poñer a palabra no centro, o idioma na boca e as mulleres na voz.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+ 14 ANOS)



Interpretación
en lingua de
signos



23.00

Valle Inclán Café

BEA CAMPOS
Chegar e encher

Pasen e vexan: esta muller que está no centro do escenario era unha nena adorable que alegraba ás veciñas coa súa ledicia. Aos corenta anos, aquela criatura que o tiña todo para ser feliz, sube ao escenario para confesar que a cousa non foi tan sinxela. Porque si, ás veces unha toma decisións que a levan por camiños inesperados... e remata facendo rir nun cabaré con alma de monólogo.

Narración, improvisación e cabaré. Chegar e encher é un canto ao fracaso e un divertido e ácido monólogo teatral sobre a dificultade de encaixar nos roles de xénero marcados e a imposibilidade de controlar as nosas vidas.

Este é o segundo monólogo para adultas de Bea Campos, actriz, narradora e presentadora. Dende moi nova, comezou a contar contos, realizou milleiros de actuacións e levou as súas historias ata o outro lado do mar, participando en festivais de artes escénicas en Latinoamérica.

5 € | PÚBLICO ADULTO (+ 16 ANOS)



Interpretación
en lingua de
signos

Sábado 4 out



MERCADO
MUNICIPAL

23.00

CÍA. LA CREÍDA (Asturias) *Zorras*

Dúas mulleres de “40 e tantos” xúntanse para contar as súas propias historias, esas que pasan por relacións, amizades e momentos que marcan unha vida. Pero non se quedan só aí: poñen ao descuberto as semellanzas entre o comportamento humano e o mundo animal, cunha mestura divertida e irreverente.

Bárbara Rodríguez, do Teatro del Cuervo, e Noemí Miranda, de Trivlorio Impro, veñen de mundos distintos -teatro de texto, improvisación e cabaré- pero comparten moitas experiencias vitais e moito humor neste espectáculo no que a improvisación, a música e a complicidade co público o transforman nunha festa.

Un espectáculo cabareteiro, cómico, primitivo e moi instintivo.

10 € | 75 MIN | PÚBLICO ADULTO

Interpretación e creación: Bárbara Rodríguez,
Noemí Miranda

Coa colaboración de Bodegas Carballo

Venres 10 out



23.00

Taberna O Patacón

AFUNDÍN JAMALLOS *Tá de ser*

Cada canción é unha homenaxe á festa, á identidade galega e ao bo humor. Composicións orixinais e tamén versións en galego de clásicos do rock, do punk e do pop, nas que as letras soan ao día a día, a retransa e a risa; instrumentos feitos por eles mesmos (sí, hai un porco que soa, e soa ben); un vestiario sorprendente,... Un concerto onde o público canta, berra, baila e rí.

Estes mestres da música galega irreverente, José de Betty, Raúl G. Doldán, Ramón Reymundez e Daniel Lema, apareceron no entroido de 2013, aquí ao lado, en Baio e desde aquela non deixaron de medrar... en número, en volume, en seguidores e en carraxe festiva.

5 € | PÚBLICO ADULTO

Sábado 11 out - 23.00

JOAQUÍN PAJARÓN (Asturias) *Aquí... Supercentráu*

MERCADO
MUNICIPAL



15 € | 90 MIN | PÚBLICO ADULTO (+ 12 ANOS)

O humorista Joaquín Pajarón, icona da comedia contemporánea do norte trae ao FIOT o seu último monólogo, un vendaval de historias cotiás, experiencias vitais e reflexións sobre o mundo que o showman asturiano pon sobre as ás táboas cunha hilarante narración.

Dúas horas de risas garantidas nesta stand-up comedy con toques asturianos e de estilo moi natural, na que o cómico conecta co público desde o minuto un.

Interpretación e creación: Joaquín Pajarón

Coa colaboración de Bodegas Carballo

ÁLEX O'DOHERTY (Andalucía)
Palabras mayores

MERCADO
MUNICIPAL



15 € | 100 MIN | PÚBLICO ADULTO (+ 16 AÑOS)

Na estrea en Galicia do seu novo espectáculo, Alex O'Dogherty xa non mide as palabras. Xa non ten medida, e o mesmo che fala das farmacias, do seu propio enterro, da intelixencia artificial ou dos opinadores. O mesmo fai un rap que un romanceiro. E ten un número especial para os que cheguen tarde. Moi completiño!

Xoga coas palabras. Palabras estúpidas, palabras inapropiadas, palabras divertidas e ri das opinións non pedidas e comparte coa xente historias que mesturan verdade, absurdo e música. Ten para todos, porque medrou. Como as súas palabras. Por iso son *Palabras Mayores*. É un espectáculo moi diferente a todo o anterior, porque a súa cabeza vai a mil por hora. Un show

más imbécil que o anterior. Aínda. Se non o entendes, ven velo.

O'Dogherty é un artista polifacético: actor, músico, presentador e un dos monoloxistas máis veteranos. Leva máis de dúas décadas combinando teatro, cine, televisión (onde fixo moi populares algúns personaxes como Arturo Cañas ou Alfredo "Caracolo"), radio e humor.

Interpretación e guión: Alex O'Dogherty
Vestuario: Rafael Solís
Dirección de arte: Rafael Lucas e Alex O'Dogherty
Música: Alex O'Dogherty & Sasha Panchenko.
Asesor de Clown: Gabriel Chamé.
Dirección: O Público.

Coa colaboración de Bodegas Carballo

Sen filtros, sen distancias, sen rede. Teatro en estado puro. Directo, breve, próximo. Teatro que irrompe no cotián, instalándose en espazos de vida compartida... condensado nun metro cadrado.

Unha experiencia inmersiva e íntima na que o público se sitúa a un paso da escena: para cruzar miradas, sentir a proximidade dos intérpretes, percibir sons, xestos e mesmo aromas que amplifican unha vivencia teatral distinta e intensa.

A novena edición do Certame de Micro-Escenas M² reafirma o seu compromiso coas artes vivas, apoiando a exploración de formatos innovadores e a traxectoria de compañías e creadoras emerxentes. Un laboratorio aberto para experimentar cos límites do teatro e expandir as súas formas.

Das 25 propostas recibidas, un xurado de profesionais das artes escénicas seleccionou seis pezas que se moven entre a danza e o movemento, o clown, as instalacións interactivas con monicreques, a performance musical, o teatro físico ou o de actor.

Nesta edición, os escenarios multiplícanse e reconquistan espazos cotiás: a tenda de fotografía e servizos dixitais Interfilm Carballo, a cafetería do Pazo da Cultura, o Parque das Camélias, a Residencia de maiores da Praza de Vigo, a terraza do Pazo da Cultura ou o coworking Sol espazo artístico da rúa do Sol.

Seis localizacións singulares para seis propostas únicas, cinco delas en estrea absoluta.

Será o público quen decida co seu voto quen leva o premio á mellor interpretación e ao mellor espectáculo. Ademais, a través da colaboración do FIOT con Culturgal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, unha das pezas será seleccionada para a súa exhibición en Culturgal 2026

MICRO ESCENAS M²

Acceso gratuito ata completar aforo.
Debido á limitación dos espazos, recoméndase reservar praza escribindo a fiot.microteatroentrada@gmail.com com indicando: nome do espectáculo, horario, nome e apelidos da persoa espectadora e teléfono de contacto.

Sáb 11 out

* ESTREA ABSOLUTA



AMPARO MARTÍNEZ *Domitila*

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30

INTERFILM CARBALLO (Av. das Flores, 1 baixo)

Domitila soñaba con aprender a tocar a guitarra. Bailaba soa nas festas da aldea. Escoitaba, sentía, resistía. Unha muller galega que viviu perseguida por apoiar a guerrilla republicana. Unha vida rota pola guerra, mais tamén tecida de arte, afectos e liberdade interior.

Domitila é unha homenaxe escénica á súa memoria e á de tantas outras mulleres silenciadas. Un solo íntimo, sensíbel e comprometido, onde corpo, palabra e música dialogan para dar voz ao esquecemento e traer ao presente un pasado que nos interpela.

Unha proposta que nace do relato oral e da emoción, e que toma forma escénica para lembrar, advertir e resistir desde o artístico. Unha simbiose entre a intérprete e a personaxe, entre o recordo e a creación.

“ Porque lembrar tamén é resistir

15 MIN | 10 PERSOAS | + 12 ANOS

Músicos en escena: Bernardo Martínez e Fito Ares
Creación e interpretación: Amparo Martínez Paz

* ESTREA ABSOLUTA



SILVIA BÁTEGA *Só son unha moza con rabia*

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30

PARQUE DAS CAMELIAS (Rúa Camelias)

Un mantel bordado, unha cesta, empanada, froita, limoada sen alcol. Un picnic aparentemente inofensivo.

Unha muller, vestida como unha ama de casa dos anos 50, convida ao público a sentarse, a compartir, a mirar. Mais pronto o xesto amable tórnase acción poética: unha peza de cerámica branca, unhas lentes de protección, unha pistola de xoguete e unha descarga de esmaltes de cores sobre o bordado. Disparar como quen pinta. Manchar como quen conta. Cocer o que foi xesto efémero e convertelo nunha instalación permanente.

Unha performance que funde cerámica e bordado, tradición e ruptura, memoria e creación. Cada pase xera unha peza única, resultado do azar controlado e da interacción entre materiais e narrativas femininas.

“ Un picnic, unha explosión,
un ritual

15-20 MIN | 20 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

(con interacción directa para aprox. 10 persoas)

Creación e interpretación: Silvia Bátega

Sáb 18 out

* ESTREA ABSOLUTA



DANI BLANCO *O novo*

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30

RESIDENCIA DE MAIORES (Praza de Vigo, s/n)

Un estudante chega a unha residencia xeriátrica. Un acordo coa universidade permítelle vivir alí sen pagar alugueiro, a cambio de compartir tempo cos residentes. Mais esta experiencia rematará por mudalo profundamente. Un xiro inesperado, unha aprendizaxe bidireccional, unha ponte entre xeracións.

Inspirada nun feito real acontecido nos Países Baixos, *O novo* conxuga o clown coa emoción, a poesía coa risa, para ofrecer unha peza íntima, sincera e necesaria sobre a convivencia, a escolla e o que significa realmente vivir acompañadas.

Unha historia onde se tecen encontros e se desfán prexuízos, unha chamada a recoñecer no outro a nosa mellor versión.

“ Vivir non é só pasar o tempo,
senón escoller con quen tecer
as horas

15 MIN | 15 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Interpretación: Dani Blanco. Vestuario: María Dobronich. Mirada externa: Machi Salgado. Idea orixinal e texto: Ana R. Figueiredo. Dirección: Fran Godón

* ESTREA ABSOLUTA



CORIFEO TEATRO *Covers²*

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30

TERRAZA CAFETARÍA PAZO DA CULTURA

Unha cea de aniversario. Un home e unha muller. Un bar. Todo parece normal... ata que non o é. Ela non é ela, é unha cover. Unha substituta enviada por unha empresa que ofrece persoas para cubrir eventos sociais no lugar dos seus clientes.

A partir deste punto de partida absurdo, *Covers* mergúllanos nunha comedia trágica sobre a despersonalización, a soidade e os límites da representación social. Porque quizais o que máis doe non é que nos substitúan... senón que ninguén note a diferenza.

Nesta versión especialmente creada para Metro Cadrado, o público convértese nun comensal máis desta situación surrealista. A intimidade do espazo e a proximidade coa acción fan que cada espectador sexa testemuña directa dun xogo de identidades, mentiras e soidades contemporáneas.

“ Somos quen dicimos ser?
Ou só unha versión amable
para os demais?

20 MIN | 7-8 PERSOAS | PÚBLICO ADULTO

Interpretación: Emilio Bonome e Bea Sánvil
Participación especial: Laura Mariño (secundaria / dispositivo inmersivo). Texto: Edgar Costas
Dirección: Laura Mariño

* ESTREA ABSOLUTA



BENGALA TEATRO FÍSICO

Alicia wants to

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30

COWORKING SOL ESPAZO ARTÍSTICO
(Rúa Sol, nº 46)

Alicia ten 15 anos, problemas coas drogas e acaba de ser expulsada dun centro de menores. A súa nai, loita por mantelas a flote. Que farías ti, no seu lugar?

Esta é unha historia de exclusión, violencia institucional e resistencia. Inspirada en casos reais, nun clásico literario, no cinema e en múltiples investigacións, a obra reflexiona sobre a xustiza patriarcal, a marxinação e a (im)posibilidade de escolla.

Como unha partida de xadrez o público decide os movementos. Cada función é distinta, cada final, tamén.

“ *Que temos que facer para poñer a marxe no centro?* ”

15 MIN | 25 PERSOAS | + 12 ANOS

Interpretación: Andrea Maseda, Estrella Tomé, Estela del Río, Alexia Villar. Técnica: Jorge Castro
Dramaturxia e dirección: An González

* ESTREA
EN GALICIA



UXÍA ALGARRA

Gracias por su visita

12.00, 13.00, 17.30 e 18.30

TERRAZA PAZO DA CULTURA

Un bar calquera. Unha camareira que recolle. Un brindé inesperado. E, de súpeto, todo se transforma. Un universo onde o cotián elévase, o doméstico vira mitolóxico e os obxectos cobran vida para abrírnos as portas dun paraíso tan irónico como poético.

Unha creación íntima e artesanal onde estropallos, copas e ananás convértense en criaturas místicas, e a camareira devén en deusa, xogando co límite entre o real e o soñado, o meme e o mito, o esquecemento e a memoria. Teatro de obxectos co teatriño tradicional de monicreques nun espazo escénico que tamén é personaxe: o Café-Bar Paraíso.

Unha peza que re-inventa o relato universal desde a desmitificación dos elementos.

“ *Café-Bar Paraíso, onde a decadencia vai da man do divino* ”

20 MIN | 15 PERSOAS | TODOS OS PÚBLICOS

Interpretación e creación: Uxía Algarra

EN PARALELO

RAÍZ VIVA,
MEMORIA COLECTIVA

Xov 4 set - 19.30



ENTRADA LIBRE | 25 MIN
TODOS OS PÚBLICOS (+ 12 ANOS)

Intérpretes: Aida Tarrío, Martín Mondragón, Cristina Canosa e Fran Sieira.
Vestuario: Érica Oubiña, con colaboración especial de Eferro. **Música:** MounQup (Camille Hedouin)/Carlos Quinta. **Espazo sonoro:** Isaac Millán. **Espazo escénico:** Laura Iturralde. **Autoría:** Fran Sieira. **Dirección:** Fran Sieira e Sergio R. Suárez



Interpretación
en lingua de
signos

Gala presentación do FIOT 2025

Primeiro encontro cos espectadores, cos socios de Telón e Aparte, co voluntariado do festival e coas institucións e entidades colaboradoras para presentarllas directamente a 34 edición do FIOT.

Visibilizando o lema desta edición, a raíz como forza conformadora da nosa identidade propia e colectiva, a relevancia da memoria e do noso patrimonio como nutrientes esenciais que fundamentan o noso futuro, contaremos cun espectáculo en directo dunha das compañías galegas de danza máis interesantes do momento, Fran Sieira Compañía de Danza.

Na aposta do festival polo apoio e a visibilización do talento local a través da apertura a proxectos participativos, acompañarán á compañía no escenario unha vintena de bailadoras de grupos de entidades culturais de Carballo que asistiron a un obradoiro previo impartido polo coreógrafo.

Fran Sieira Compañía de Danza (Galicia). *Un baile ceibe*

Ceibe é danza contemporánea reflexo do baile e a música tradicional que investiga a relación entre xénero e a nosa tradición. Afonda na presenza do xénero nunha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional, tratando de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e como sociedade, desde unha perspectiva feminista e en relación coas cuestións LGTBIQ+. Reflexiona sobre as categorías e os estereotipos impostos socialmente, para propoñer novas formas de entender o corpo e o movemento.

Un baile ceibe é a súa adaptación para espazos non convencionais e nela participarán tamén bailadoras de Carballo.

Fran Sieira é un bailador de longa traxectoria no ámbito tradicional e tamén graduado en danza contemporánea. Fundamenta o seu traballo nunha revisión do tradicional desde un marco contemporáneo, creando unha linguaxe de vangarda. A través da creación colectiva, achega proxectos artísticos con vocación social.

FIOTIÑO

O PROGRAMA ESPECIAL DO FIOT PARA NENOS E NENAS

Tes menos de 14 anos? Pois prepárate porque chega unha nova edición do FIOTiño cargado de propostas especiais para que gozes co teatro. A creación sonora desde as ondas no veterano Concurso de Teatro Lido; as funcións ao aire libre nos divertidos espectáculos de Teatro de Rúa; o convite a descubrir o teatro máis creativo e imaxinativo da man do OTNI, as breves (pero intensas) citas en primeiro plano que te agardan no M² agardan por ti neste FIOT. Tamén nas funcións da Sala, hai oferta ao voso gusto.

Busca no programa o lote de propostas que están indicadas como *Para todos os públicos* ou que indican unha idade mínima recomendada e veras que o FIOT ten moito que ofrecerche.

Con algunha das funcións virás co centro escolar, moitas delas non precisas entrada e nas demais ofrecémosche un prezo reducido.



XXIV Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís"

Outros xeitos de facer teatro

As voces da rapazada levarán o teatro aos fogares de todos os recunchos de Bergantiños a través das redes sociais e as ondas radiofónicas.

Grazas á participación dos centros escolares de primaria e secundaria de toda a comarca e coa finalidade de promover o teatro entre os máis pequenos e de favorecer a súa iniciación á interpretación a través da lectura dramatizada, continuamos con esta proposta que xa vai pola XXIV edición. A participación será mediante un arquivo de audio ou vídeo, coa gravación da lectura, polo que todos poderemos escoitar as interpretacións dos grupos participantes a través das redes sociais do festival.

O xurado seleccionará a unha ducia de grupos que gozarán da experiencia radiofónica nos estudos profesionais de Radio Nordés Cadena Ser e, da dita gravación saíran os finalistas que volverán a realizar a súa lectura en directo na emocionante gala final, que se levará a cabo o 9 de novembro no auditorio do Pazo da Cultura, na que o xurado fallará os premios por un importe de 850 €.

E no faltará o peche coa tradicional chocolatada!

Organiza: Telón e Aparte. Colabora: Radio Nordés Cadena Ser e Librería Brañas Verdes

Prazo de inscrición: ata o 3 de outubro. **Gala final e acto de entrega de premios:** Pazo da Cultura, domingo 9 de novembro.



Teatro de Rúa (páxinas 25-29)

Cos amigos, coa familia, coa veciñanza, ou sós.... Vente á rúa, goza coa diversión e o risco do circo, da maxia, do clown, dos malabares, do equilibrismo, das acrobacias e do humor.

Ven 26 set: Cía niMú

Ven 26 set: PLANETA TRAMPOLÍ

Ven 3 out: PISTACATRO

Ven 10 out: GANSO&CÍA

Máis propostas

Temos moitas obras para todos os públicos en todos os ciclos nas que nos encantarán que participedes. Esta é a nosa recomendación especial:

Dom 5 out: Pazo da Cultura:

XAMPATITO PATO (+ 6 anos)

Sáb 11 out: Pazo da Cultura:

CÍA. CAMPI QUI PUGUI (+ 6 anos)

Sáb 11 out: Parque das camelias:

M² - SILVIA BÁTEGA

Dom 12 out: Pazo da Cultura:

EL PATIO TEATRO (+ 9 anos)

Sáb 18 out: Residencia de Maiores:

M2 - DANI BLANCO

Dom 19 out: Pazo da Cultura:

CÍA. LUCAS ESCOBEDO E CNTC (+ 6 anos)

Sáb 25 out: Terraza Pazo da Cultura:

M² - UXÍA ALGARRA

Dom 26 out: Centro Social de Verdillo:

THE MOMENTO IMPRO. Absurdia

Dom 26 out: Pazo da Cultura: CÍA CAÍ (+ 8 anos)

Sáb 27 set - 18.30

GALEATRO e XAROPE TULÚ (Galicia) *Berenguela na gaiola*

* ESTREA ABSOLUTA
* COPRODUCCIÓN FIOT

Berenguela vive nunha residencia, pero quere volver á súa casa da aldea. Alí coñece a Aurora, que ten unha imaxinación sen límites, e a Tomás, sempre calado e pensativo. Berenguela propón unha revolta e volverse salvaxes e perigosas, pero Aurora suxire que fagan no teatro o que non lles deixan facer na realidade: ser libre e cambiar o mundo, ou, polo menos, o seu mundo.

Os tres anciáns escollerán para representar a obra de Manuel María *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, onde cadaquén escolle o personaxe que quere representar.

A carballesa Galeatro e Xarope Tulú aliáronse neste proxecto que gañou a cuarta edición do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais e para o que contan coa dramaturga e directora Paula Carballeira, Premio Nacional de Literatura Dramática. Ambas compañías están comprometidas con linguaxes escénicas diversas dirixidas á infancia e tamén coa narración e o teatro de obxectos. O FIOT colabora coa creación como coprodutor, xunto á Casa-Museo Manuel María e ao Centro Dramático Galego.

Ven 26 set - 10.30 e 12.00

Berenguela na gaiola para educación primaria

Os escolares serán os primeiros e especiais espectadores que coñecerán a historia de Berenguela. (Pazo da Cultura).



5 € | 50 MIN | TODOS OS PÚBLICOS (+ 6 ANOS)

“ Todo o mundo podía reclamar para si a condición de neno. (Manuel María) ”

Interpretación: Alba Bermúdez, Tone Martínez e Atenea García
Caracterización: Lorena Calvo. **Vestuario:** As Dúas e Punto
Espazo sonoro: Xavier Bértolo. **Escenografía e deseño de iluminación:** Nicolás Zamorano. **Dramaturxia e dirección:** Paula Carballeira, baseado na obra de Manuel María

FIOTEEN

ESPECIAL FIOT PARA ADOLESCENTES

O FIOT ten un compromiso especial coa mocidade. Botámola en falta e queremos transmitirle a nosa paixón polo teatro. Desde hai oito anos o FioTEEN é a canle para saír na súa procura.

Este ciclo está confeccionado á súa -á vosa- medida. Con primicias das coproducións nas que participamos, con accións cotiás nun dos vosos contornos principais, os centros de educación secundaria, para presentarvos a programación ordinaria do festival que por temática, enfoque ou formato poida ser máis afín. Mira a idade recomendada e verás que hai moitas propostas que vos encaixan. Non perdades a oportunidade de atoparvos co teatro na barra dun bar, de asombrarvos e rir co circo na rúa, de sorprendervos co innovador OTNI e de vivir experiencias insólitas no certame de metro cadrado ou gozar de grandes espectáculos. E coma sempre, poderedes poñer a proba as vosas dotes escénicas no singular Concurso de Teatro Lido.

Recomendación esepecial: non faltes o 10 de outubro a *Adolescencia infinita*, da premiada compañía **Pont Flotant**, que pon o foco directamente sobre vós, intentando atopar o entendemento.

Para facilitar a accesibilidade, as propostas específicas teñen carácter gratuíto e nas do resto do programa poderedes acollervos a prezos especiais.

A complicidade dos centros de ensino é esencial para facilitar o noso achegamento, e queremos agradecerlles a súa implicación.

Estate atentos/as ás redes, que haberá sorpresas!



Accións teatrais nos institutos. Galeatro Teatro

Coa alianza dos institutos, manterémosvos informados de todo o que pasa no FIOT a través da compañía Galeatro, que visitará periodicamente os centros de ensino con pílulas informativas para presentar espectáculos.

Intérpretes: Alba Bermúdez e Tone Martínez

Lugar: Centros de Educación Secundaria de Carballo. **Dirixido a:** Alumnado

Ven 3 out - 11.00

AINÉ PRODUCCIÓNS

Territorio Regueifa



O alumnado de secundaria coñecerá en primicia este espectáculo que achega ao público de hoxe a regueifa: a súa historia, o oficio e o mundo desta ancestral expresión cultural, combinando o xeito de regueifar, a retranca e a música cos códigos do teatro. Improvisación, humor, música, teatro e a “chispa” e espírito festivo propio da regueifa configuran un espectáculo total!

A función será no Pazo da Cultura e ao seu remate haberá un encontro coa compañía. Máis información sobre este espectáculo na páxina 5 deste programa.



Lun 20 out - 10.00

CÍA. LUCAS ESCOBEDO e COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO

Farra

Durante o tempo de carnaval de 1568 ou de 1668 ou de 2025, entre danzas e mojigangas, a farra barroca, a festa, abre a porta á loucura, a maxia e á acrobacia. A modo de cabaré barroco que fusiona música, circo e verso clásico, viaxaremos por un Século de Ouro que tende pontes coa actualidade.

Un espectáculo para aproximarse desde a festa e a celebración á tradición barroca, unha creativa época da literatura e da cultura.

É un luxo poder ofrecer ao noso alumnado esta divertida e innovadora proposta do artista multidisciplinar Lucas Escobedo en alianza coa Compañía Nacional de Teatro Clásico recoñecida como Mellor Espectáculo Musical 2025 nos Premios Max.

Máis información sobre este espectáculo na páxina 10 deste programa e na unidade didáctica que se entrega aos centros educativos.

Onda FIOT

A iniciativa dixital do festival

A integración das novas tecnoloxías no mundo das artes escénicas abriu novas posibilidades para achegar o feito artístico ao público. En resposta a esta evolución, varios anos atrás demos un paso adiante coa creación de ONDA FIOT, unha iniciativa que potencia e dá forma aos formatos sonoros e dixitais, configurando un programa que enriquece e expande a nosa oferta cultural. ONDA FIOT impulsa novas iniciativas de mediación e agrupa diversos proxectos que se foron desenvolvendo ao longo dos anos.

Arquivo de Teatro Lido Xosé

Manuel Eirís: reúne as creacións dos nosos teatros máis miúdos no Concurso de Teatro Lido Xosé Manuel Eirís, que conta xa con 24 anos de historia, e permite que as obras sonoras dos máis pequenos/as poidan ser revisadas e disfrutadas en calquera momento.

Fiot Fónico: *A lúa, válvula de spray*, 2020 (con autoría Rosalía Fernández Rial e dirección de Quico Cadaval) e *O espello que arde*, 2021 (con autoría de Marta Lado e dirección de Marcos PTT Carballido) son dúas obras de teatro sonoro que producimos hai uns anos como parte do proxecto FIOT Fónico. As rúas de Carballo son o insólito escenario polo que transitan os espectadores seguindo a historia a través do podcast, permitindo descubrir novos mundos na nosa contorna.

Escola do Espectador nas Ondas

Membros de equipos artísticos que forman parte do programa conversarán sobre os seus proxectos e “segredos” con xornalistas especializados, proporcionando unha visión profunda e accesible sobre as obras do Outono de Teatro.



Estes encontros presenciais celebraranse no salón social do Pazo da Cultura e gravaranse ao vivo en formato podcast, aloxándose na web do FIOT, sendo accesibles en calquera momento.

Coa incorporación dos recursos dixitais, estendemos a múltiples públicos a Escola de Espectador, a proposta formativa creada hai xa moitos anos para facilitar aos espectadores a comprensión e valoración dos espectáculos teatrais.

Aberto ao público sen necesidade de inscrición.

Datas e horario:

- 4 de outubro, 12.30: *Territorio Regueifa*, de Ainé Producións

- 19 de outubro, 12.30: *Farra*, da Cía. Lucas Escobedo e CNTC. Conducido por Daniel Galindo, de RNE

Lugar: Pazo da Cultura. + **info:** www.fiot.gal
Organiza: AC Telón e Aparte

Café con...

Unha charla entre espectadores e compañías arredor dun café é unha oportunidade única para coñecer de primeira man o seu traballo e o proceso creativo.

Organizaremos este espazo de diálogo antes de cada función do Programa de Sala sempre que as necesidades das montaxes o permitan.

Aberto ao público sen necesidade de inscrición.

Datas de celebración e hora: os días de función do Programa de Sala, se as circunstancias o permiten

Lugar: Pazo da Cultura. + **info:** www.fiot.gal
Organiza: AC Telón e Aparte

Obradoiro Un baile ceibe en comunidade, Fran Sieira

Dezaseis bailadoras de Carballo participan nesta proposta formativa do bailador e coreógrafo Fran Sieira que parte das metodoloxías empregadas no proceso de creación do espectáculo co que inauguramos o Outono de Teatro. Indagando no mesmo lema desta edición do festival, a raíz, a actividade explorara os movementos propios do corpo a partir da tradición.

Os participantes integráronse na coreografía do espectáculo formando parte activa da presentación da 34 edición do FIOT, incorporando e visibilizando o talento local ao acto.

Data: 30 de agosto

Documental Ao son da nova regueifa, de Undodez

Avance do documental *Ao son da nova regueifa* que retrata o renacer desta arte de improvisación oral para descubrir as voces que a manteñen viva na actualidade. Dirixido por Manolo Maseda e Saúl Rivas.

Coa colaboración de Undodez e Ainé Producións.

Datas e horario: 24 de setembro, 17.30

Lugar: Pazo da Cultura

Xornada A arte do canto improvisado: tradición, ensino e perspectivas contemporáneas Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega colabora co festival organizando en Carballo unha mesa redonda que pon o foco na regueifa, un rico elemento do noso patrimonio cultural inmaterial que protagoniza a ambiciosa e inédita proposta escénica *Territorio Regueifa* de Ainé Producións e coproducida polo FIOT.

Os regueifeiros e especialistas neste xénero artístico Alejo Amoedo, Domingo Blanco, Lupe Blanco e Manuel Maseda participarán nesta sesión de análise e divulgación desta expresión cultural que consiste nunha disputa dialéctica a través do canto oral improvisado en verso, e que se caracteriza polo uso creativo do humor, da música e da crítica social. Bergantiños é rico nestas manifestacións, que en Carballo aínda se manteñen vivas a través de diversos proxectos que a poñen en valor.

Data: 24 de setembro, 18.00

Lugar: Pazo da Cultura

Organiza: Consello da Cultura Galega. Colaboran: FIOT e Consello de Carballo



Ruta pola costa de Carballo: Razo-Baldaio para protexer

Prepárate para a función de *Costa da Morte, cartografía dun naufraxio*, de Mariña Lestón, cun ilustrativo percorrido pola nosa fermosa costa.

A asociación ambiental carballesa Senda Nova colabora co FIOT coa organización dun dos seus interesantes itinerarios polo litoral carballés. Nesta ocasión céntranse na parte máis salientable da ruta Razo-Baldaio para protexer, achegándonos a espazos como a lagoa, o sistema dunar e un dos areais máis extensos de Galicia.

Ao final da experiencia agardaranos Mariña Lestón coa súa obra que combina narración, música e potentes imaxes.

Data: 12 de outubro

Hora de saída: 9.15 aparcamento do centro comercial Bergantiños

Prezo: 8 € / 6 €

Inscrición: <https://www.sendanova.org/>

proxectos/outono-en-marcha

Organiza: Asociación ambiental Senda Nova

CREANDO PÚBLICOS



Fin de festa do FIOT 34 *Le Barluthiuer: Un piano bar literal e itinerante*

Botamos o pano cunha pequena festa de agradecemento ao voluntariado e ao público máis fiel do festival montando un piano bar. A través do humor e da música, dos acenos cabareteiros e burlesque, trasladarémonos aos anos 30, 40 ou 50. Un espectáculo cómico musical para brindar por un festival que remata e que porá ritmo de swing á nosa espera ata o FIOT 35.

Intérpretes: Miriam Rodríguez, Chucho González e Brais Iriarte
Entrada con convite
Lugar: Pazo da Cultura
Organiza: AC Telón e Aparte



Voluntariado FIOT

Desde hai 14 anos, o programa de voluntariado do FIOT reúne a máis dunha vintena de persoas solidarias, altruístas e afeccionadas ao teatro, dispostas a dar o mellor de si para que cada edición sexa inesquecible. Se a ti tamén che apaixona o teatro e queres vivir unha experiencia única, temos unha proposta que non poderás rexeitar: únete ao noso equipo de voluntariado e forma parte dun dos festivais máis icónicos de Galicia.

Non esperes máis! Entra en fiot.gal ou chama ao 981 704 300 e descubre como podes colaborar co FIOT. A túa implicación é clave para que o festival siga crescendo e mellorando cada ano.

Vémonos no FIOT!

#procuramosousados

CREANDO TEATRO

Creando Teatro: Coproducións e residencias artísticas do FIOT

Procurando ir máis aló da difusión e dinamización teatral, un dos obxectivos do FIOT é participar activamente na creación escénica, servindo de marco para a estrea de espectáculos e colaborando con compañías na xeración de novas propostas, implicándose ademais na súa produción.

En consonancia co lema desta edición, a raíz como orixe da identidade propia e colectiva, o FIOT colabora na coprodución de *Territorio Regueifa*, de Ainé Producións. Nun formato pensado para chegar ao público de hoxe, o espectáculo pretende dar a coñecer e poñer en valor a regueifa, unha das nosas expresións culturais máis ancestral, e traer aos códigos actuais a súa esencia.

Ademais, o FIOT coproduce xunto coas compañías Galeatro e Xarope Tulú a obra *Berenguela na gaiola*, con autoría e dirección dunha das dramaturgas galegas máis importantes, Paula Carballeira, Premio Nacional de Literatura Dramática 2024.

O Pazo da Cultura acolleu tamén en residencia as citadas coproducións con Ainé Producións e Galeatro e Xarope Tulú, así como ao galego Bal Castro, neste caso, a través da colaboración co programa interinstitucional Residencias Paraíso, impulsado polo colectivo RPM co apoio da AGADIC e o Concello de Carballo.

O FIOT tamén ten como misión dar visibilidade e promocionar o teatro galego, non só en Galicia, senón tamén a nivel nacional e internacional, a través do esforzo comunicativo que fai que cada vez resoe con máis forza fóra da nosa comunidade.



Rutas compartidas: Camiño Escena Norte



Outra frutífera relación é a que mantemos co programa Camiño Escena Norte, unha iniciativa liderada por Escena Galega que integra ás asociacións das compañías de artes escénicas situadas na ruta histórica dos Camiños de Santiago (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Navarra). Esta colaboración non só enriquece a nosa programación, senón que tamén abre un novo vello territorial, proxectando o festival máis aló das nosas fronteiras e reforzando o noso compromiso coa diversidade cultural e a conexión entre territorios.

A través do itinerario *Constelacións*, participamos na programación conxunta dun espectáculo dunha destas comunidades. Nesta edición, recibimos no FIOT a obra *Pausa*, da Compañía NiMú, procedente do País Vasco.



Lectura dramatizada da compañía Titzina Teatro

Avance do FIOT 35!

Introducímonos xa na próxima edición do festival convidando a unha das compañías referentes do FIOT e do teatro de autor en España, Titzina Teatro, a presentar o traballo en proceso do que será o seu próximo espectáculo. O FIOT abre ao público este encontro no que propoñen ao público do festival, bo coñecedor das súas creacións, unha disección literaria para observar a orixe, o esqueleto que conformará a obra teatral completa.

Diego Lorca y Pako Merino é dicir, TITZINA, protagonizan unha lectura dramatizada do texto da súa próxima creación. Hai neste texto un mago utilizando todos os métodos ridículamente imaxinables para percibir ilegalmente unha pensión. Un accidentado que co seu avogado axusta os seus recordos á verdade que o achega a unha indemnización millonaria. Tamén un home encantador de mil identidades falsas que saquea todo ao redor.

Titzina caracterízase polo seu traballo de xornalismo antropolóxico de entrevistas e

convivencias, investigando, adentrándose na vida doutras persoas e abordando realidades moitas veces descoñecidas para transportar á escena o máis destacable do ser humano.

Un luxo compartir esta experiencia exclusiva e participar na creación dun espectáculo que estará no FIOT 35!

Data: 11 de outubro, 12.00

Lugar: Salón social, Pazo da Cultura
Acceso libre

Conversa con grupo Chévere arredor de *Ictus, a derradeira leición*

O grupo Chévere convidanos a abrir unha conversa arredor do cadro de Castelao *A derradeira leición do mestre*, fonte dun novo proxecto escénico co que explorar a construción das narrativas da memoria. Como recordamos? Que decidimos lembrar e que decidimos esquecer?

Unha reprodución do cadro estará no Pazo da Cultura entre o 1 e o 15 de outubro xunto a un cuestionario que a compañía nos anima a responder para participar do proceso de investigación desta nova creación dunha compañía esencial no tecido teatral galego, recoñecida no Premio Nacional de Teatro en 2014.

O 15 de outubro ás 20.00 temos oportunidade de **charlar con XRon**, director e dramaturgo da obra, sobre este proceso de creación.



Presentación do libro *Apaga o candil*, de Cándido Pazó

Presentación da publicación da obra dramática *Apaga o candil*, escrita por Cándido Pazó e editada por Galaxia nun volume conxunto con *O proceso*, do mesmo autor.

A escrita foi un encargo do Concello de Carballo e do FIOT, que produciron coa compañía Contraproducións o espectáculo do mesmo nome na 32 edición do festival.

Apaga o candil pon en valor e homenaxe ao pioneiro narrador, cómico e humorista veciño de Carballo Carlos Díaz 'O Xestal' achegándonos ás circunstancias complexas da súa vida e da súa obra e foi creado con motivo do 30 aniversario do seu pasamento e estreado no FIOT no ano 2023.

A presentación será a cargo do escritor Xurxo Souto e de Alberto Sueiro, director do FIOT, ademais do propio autor da obra.

Data: 16 de outubro, 20.00

Lugar: Pazo da Cultura



Lectura dramatizada da obra *Mal de olla* a cargo da Aula de Teatro Municipal de Carballo

Homenaxe ao autor carballés Cándido González Tiradas.

Con motivo do 120 aniversario do nacemento do dramaturgo carballés Cándido Alfonso González Tiradas (Carballo, 1905 – Bos Aires, 1966), a Aula de Teatro de Carballo presenta unha lectura dramatizada de *Mal de Olla. Comedia de ambete mariñeiro*, unha divertida peza que mestura o humor popular co mundo máxico galego.

O carballés, foi un dramaturgo e activista cultural que desenvolveu en Arxentina un importante labor a prol da emigración galega. A obra, premiada no Certame Castelao e publicada en Bos Aires en 1954, está considerada un folk-drama no que conviven música, tradición e simbolismo. Os diálogos vivos, o ambiente mariñeiro e a presenza do mítico fan desta peza unha mostra singular do noso teatro.

Con esta lectura dramatizada, a Aula de Teatro recupera para o público unha obra esencial da memoria cultural galega.

Data: 30 de outubro. **Lugar:** Pazo da Cultura
Acceso libre

CREANDO TEATRO

Premio do público

Queres formar parte activa do FIOT e influír na programación das vindeiras edicións? A túa opinión conta. Invitámote a puntuar a obra que acabas de ver, e así participar na creación do FIOT, xa que convidaremos á compañía que reciba a mellor puntuación do público a formar parte dunha futura edición do Outono de Teatro cun novo espectáculo.

O espectáculo gañador do FIOT 2024 foi *Casting Lear*, de Andrea Jiménez, Barco Pirata e Teatro de la Abadía, cunha puntuación de 4,85 puntos sobre 5. Nesta edición regresa a compañía Andrea Jiménez para pechar o festival cunha coprodución co Centro Dramático Nacional e Cassandra Projectes Artísticos e teremos a oportunidade de entregarlle este premio o venres 31 de outubro.

Támén recollerá o seu Premio do Público 2022 Pont Flotant, que gañou na edición do 2022 con *Eclipse total* e á que lle entregaremos o galardón o 10 de outubro.

Os premios do FIOT: creación local da artesá carballesa María Crúa

Neste 2025, como un mostra máis da aposta do FIOT pola raíz, pola converxencia entre diferentes artes e o compromiso co talento emerxente e local e manifestacións propias como a olería, a Asociación Cultural Telón e Aparte encargoulle o deseño do novo premio da Xograresa de Outono e do Premio do Público á artesá carballesa María Barca, formada en Belas Artes e impulsora do espazo Crúa en Carballo.

María Barca é unha creadora comprometida coa produción artesá e a cerámica, entre outras disciplinas artísticas como a fotografía, que busca a posta en valor da nosa raíz, o traballo manual e a tradición baixo un prisma contemporáneo.



ZOOM FIOT 2025 Unha ollada ao corazón do FIOT

Proxecto fotográfico sobre o FIOT que se realiza desde hai 10 anos, ofrecendo unha visión íntima e persoal do Festival.

Cada ano, un grupo de fotógrafos realizan unha sesión fotográfica durante a estancia dunha compañía no Pazo da Cultura, para captar a actividade que permanece oculta ao público (montaxe, ensaios, maquillaxe, vestuario,...). Con este traballo realizarase unha exposición que formará parte do programa da seguinte edición.

Exposición ZOOM FIOT 2024

Ollada privilexiada ao corazón dos espectáculos enmarcados na anterior edición do FIOT, a través dunha selección de imaxes que capturan a esencia e parte das raíces ocultas do Festival, immortalizando momentos únicos que o público non pode ver. Os fotógrafos participantes nesta exposición son: Criss Becerra, Raúl Lorenzo, Marcos Rodríguez, Esther Chamoso, Daría García, Fernando Lema, Fabiola Lorenzo.

Data: Do 24 de setembro ao 12 de novembro
Lugar: Sala exposicións Pazo da Cultura. Andar -1



Instalación artística Xesto de Noelia Paz

O FIOT propúxolle a Noelia Paz realizar unha instalación artística pensada para o Pazo da Cultura tomando como inspiración o lema raíz do FIOT 34 e a imaxe desta edición, da que é autora a deseñadora gráfica Patricia Portela.

En *Xesto*, a raíz convértese en arquitectura efémera, tecida con cartón e fibras. A obra conecta a memoria colectiva coa expresión individual: o movemento das raíces impulsa o xesto propio de cada persoa no mundo. Proponnos unha porta simbólica de entrada ao FIOT: dúas mans conforman un arco baixo o que atravesamos o público. Tras ese limiar, un entramado cenital de volumes de cartón refírese ao micelio como metáfora da raíz compartida, da transmisión e interconexión. A peza constrúe unha paisaxe que dialoga co facer escénico e coa experiencia escenográfica do público.

Noelia Paz, é unha artista formada en Belas Artes que está realizando un doutoramento sobre arte e paisaxe. A súa práctica desenvólvese na intersección

entre a escultura e a instalación contextual, explorando o arame, o cartón e as fibras para crear volumes que dialogan co espazo. As súas intervencións buscan activar a percepción do lugar e cuestionar o transitable dos corpos, xerando pezas translúcidas e tramas a través do entretecido de materiais. Entende a práctica escultórica como ferramenta de encontro, aprendizaxe e diálogo.

Data: do 24 de setembro ao 12 de novembro
Lugar: Andar -1 do Pazo da Cultura

Inauguración: Ambas exposicións o 24 de setembro, 20.00
Coa actuación do grupo carballés **Quercus Blues** que presentará o seu disco *Cara a cara*



Temos un compromiso coa sustentabilidade, un reto que nos marcamos hai uns anos e no que queremos avanzar edición a edición. O FIOT é algo máis que un evento e reivindicamos a potencialidade do noso festival como xerador de redes e de vínculos coa comunidade, como promotor do desenvolvemento das persoas e do territorio. De Carballo, como o máis próximo, e do ecosistema das artes escénicas galegas, no que tamén pretendemos desempeñar un papel dinamizador. Tamén na promoción da igualdade, ou na sustentabilidade do proxecto.

Pola súa incidencia nestes valores acordes coa Axenda 20230 e cos dereitos culturais, son mostra do noso compromiso a selección como lema de cada edición as temáticas de interese social e cultural ou as que abordan moitas das obras, así como a consideración da composición dos equipos de traballo das compañías.

Tamén utilizamos recursos máis accesibles economicamente e medioambientalmente máis responsables promovendo a utilización de recursos dixitais e en liña.

Unha medida de grande interese para nós é a promoción da accesibilidade e inclusión a través da expansión por múltiples espazos as actividades para chegar aos colectivos máis diversos, así como coa incorporación dun servizo de interpretación en linguaxe de signos en varios espectáculos de pequeno formato, normalizando a presenza de diferentes colectivos nas salas: *Costa da Morte*, *cartografía dun naufraxio*, de Mariña Lestón; *Bailen as vellas*, de Atenea García e Vero Rilo e *Chegar e encher!* de Bea Campos, xunto co acto de presentación do FIOT serán as propostas desta edición. As responsables

desta interpretación serán Gema Santos (intérprete) e Ruth Lovera (asesora lingüística xorda).

Ademais de localidade adaptadas para discapacidades físicas, ofertaranse butacas ubicadas para facilitar a audición e/ou visión reservadas para persoas con algunha dificultade auditiva ou sonora.



**Interpretación
en lingua de
signos**

Xornadas Cultura para todas: acceso e inclusión nas actividades culturais

Concordando co compromiso coa inclusión e sustentabilidade que asume o festival xa desde hai uns anos, o FIOT e o Concello de Carballo acollen e colaboran nas xornadas sobre accesibilidade e inclusión nas artes escénicas, que organiza a Deputación da Coruña.

Diversos expertos en diversos ámbitos da accesibilidade aportarán información clara e práctica sobre como facer actividades e espazos culturais máis accesibles.

As xornadas están dirixidas a profesionais da xestión cultural, nun momento de máxima actualidade, non só polo interese social desde o punto de vista dos dereitos culturais, senón pola obriga e urxencia en adaptar os nosos espazos e programas á normativa que entra en vigor de maneira inmediata.

Data: Xoves 23 de outubro, de 16.00 a 20.00

Lugar: Pazo da Cultura

Inscripcións: www.dicoruna.gal

Organiza: Deputación de Coruña

Colabora: Mada Producións

Anova xograresa que ingresa na comunidade de xogres do FIOT é unha das representantes da dinámica nova xeración das artes escénicas galegas que están abrindo renovados camiños que os xogres e xograresas queren recoñecer, Areta Bolado.

Areta Bolado é unha creadora moi versátil; actriz, dramaturga e directora cunha linguaxe contemporánea, irreverente e estimulante e cun pulso creativo que ten como valores fundamentais o feminismo e a inclusión, e, en especial, os dereitos do colectivo LGBTQ+.

Cunha bagaxe recoñecida dentro e fora de Galicia, Areta é unha das fundadoras da compañía A Panadaria, coa que artellou un teatro hilarante, transgresor e profundamente político. O seu carácter irreverente e lúdico como intérprete enchoupa outros proxectos teatrais e audiovisuais persoais xunto a creadores como Marta Pazos, o CDG ou Miguel Canalejo. Mantén tamén unha vía de exploración entre a música e o teatro xunto a Ailén Kendelman, da que xurde o conxunto Áureas. Na súa traxectoria recibe moitos premios de ámbito autonómico ou estatais tanto como actriz, dramaturga ou directora.

> O acto de entrega do galardón Xograresa de Outono 2025 terá lugar o sábado 11 de outubro antes do inicio do espectáculo *Matres*

Areta Bolado



XOGRARESAS E XOGRARES DE OUTONO

O Xogar de Outono é un nomeamento honorífico co que o Festival Internacional Outono de Teatro recoñece a unha persoa ou entidade que destaca pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección da galardoada correspóndelle aos anteriores Xogres de Outono e á AC Telón e Aparte. En edicións pasadas foron merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago "Kukas", Alberto Gende, Xosé Manuel Oliveira "Pico", Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán", Susana Dans, Miguel de Lira, Mónica Camaño, Manuel Lourenzo, Patricia de Lorenzo, Carlos Alonso, Casilda Alfaro, Evaristo Calvo, Ana Romaní e Avelino González

> PREZOS ENTRADAS E BONOS (gastos de xestión non incluídos)

FIOTiño

> ENTRADAS: 5 €

Galeatro e Xarope Tulú (27 set).

Programa de Sala

> BONOS: 95 € / 90 €

Póñense á venda un total de 200 bonos para asistir ás funcións dos días 3, 10, 11, 17, 18, 19, 24, 25 e 31 de outubro.

95 €: prezo ordinario.

90 €: prezo reducido (carné xove, estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos, menores de 20 anos e parados, deberá acreditarse debidamente esta circunstancia especial do prezo reducido no acceso ao espectáculo).

> ENTRADAS: 10 € / 12 € / 15 €

10 €: Ainé Producións (4 out), Cia. Campi qui pugui (11 out).

12 €: Pont Flotant (10 out), Gabriel Chamé Buendía / Buendía Theatre (17 out), Needcompany (18 out), Barco Pirata e Teatro Español (24 out), CDN, Cassandra Projectes Artísticos e Andrea Jiménez (31 out).

15 €: Cía. Lucas Escobedo e Compañía Nacional de Teatro Clásico (19 out), Contraproducións (25 out).

Certame de Micro-Escenas M²

> ENTRADAS GRATUITAS

Recoméndase reserva no correo fiot.microteatroentrada@gmail.com a partir do 25 set. (Páxinas 39-42).

Ciclo OTNI

> ENTRADAS: 5 €

5 €: Xampatito Pato (5 out), Chicharrón Circo Flamenco (9 out), El Patio Teatro (12 out), Cía Caí (26 out).

Rúa dos Contos

> BONOS: 65 €

Para asistir a todas as funcións da RdC:

- Pepo Suevos (25 set).
- Álex Louzao (26 set).
- Lois Pérez (26 set).
- Marita Martínez (27 set).
- Darío Mares (27 set).
- Quico Cadaval e Celso Sanmartín (28 set).
- Atenea García e Vero Rilo (2 out).
- Bea Campos (3 out).
- Cía. La Creída (4 out).
- Afundin Jamallos (10 out).
- Joaquín Pajarón (11 out).
- Álex O'Dogherty (18 out).

(Número limitado de bonos).

> ENTRADAS: 5 € / 10 € / 15 €

5 €: Pepo Suevos (25 set), Álex Louzao (26 set), Lois Pérez (26 set), Marita Martínez (27 set), Darío Mares (27 set), Atenea García e Vero Rilo (28 set), Bea Campos (3 out), Afundin Jamallos (10 out).

10 €: Quico Cadaval e Celso Sanmartín (28 set), Cía. La Creída (4 out).

15 €: Joaquín Pajarón (11 out), Alex O'Dogherty (18 out).

Fiot en Ruta

> ENTRADAS: 5 €

Mariña Lestón (12 out), P.T. Excéntricas (19 out) e The Momento Impro (26 out).

> PUNTOS E DATAS DE VENDA

Venda anticipada

www.ataquilla.com | www.fiot.gal
www.facebook.com/festivalFIOT

> BONOS Programa de Sala

- SOCIOS AC TELÓN E APARTE: Do 10 ao 17 set.
- PÚBLICO EN XERAL: A partir do 19 set.

> BONOS E ENTRADAS Rúa dos Contos

- A partir do 12 set.

> ENTRADAS SOLTAS

- (Programación Sala, OTNI, FIOT en Ruta, FIOTiño).
- Desde o 19 set ata o día antes de cada función.

> FUNCIÓNS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

- A partir do 12 set nos propios locais ou en www.ataquilla.com

Venda o día da función

Na billeteira habilitada no espazo da función **desde 90 minutos antes do seu inicio** (gastos de xestión incluídos).

Os espectáculos non incluídos nesta relación son de acceso gratuito. Recomendase a reserva nos casos indicados neste programa.



- Prégase puntualidade. A partir do inicio da función, o boño ou a entrada non garantirá o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade.
- A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio da función.
- Se por razóns de produción, tiveran que ser ocupadas algunhas localidades, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado.
- As entradas ou bonos non poderán ser cambiados nin reembolsados, a excepción da cancelación do espectáculo.
- Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e de non perturbar o bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar no interior da sala, sen a autorización expresa da organización e do artista.
- Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles.

Sede do Festival:



Festival membro de:



Rúa do Pan, s/n | Carballo | T 981 70 43 00



COORDENADAS GPS:

Latitude 43.211702 | Lonxitude -8.695394

LOCALIZACIÓNS:

Mercado Municipal: Pza. Concello, s/n – Rúa Gran Vía, s/n
Residencia de Maiores de Carballo: Praza de Vigo, 11
Casino 1889: Rúa Vázquez de Parga, 1
Mesón do Pulpo: Avda. Fisterra, 23
O Patacón: Rúa Ourense, 19
Valle Inclán Café: Rúa Valle Inclán, 2
Café Colón: Rúa Colón, 7
A Estación: Rúa Pontevedra, 7
O Logradouro: Rúa Lugo, 2
Centro social de Verdillo: A Garrida, 19. Verdillo
Serradorio Eucatar: Lg. Tarambollo, s/n, Sofán
Interfilm Carballo: Avda. Flores, 1
Parque das Camelias: Rúa Camelias
Cafetaría Pazo da Cultura: Rúa do Pan, s/n
Sol Espazo Artístico: Rúa Sol, 46

O FIOT, UN FESTIVAL ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE E O CONCELLO DE CARBALLO

Dirección: Alberto Sueiro Pastoriza, presidente da AC Telón e Aparte
Concelleira de Cultura: Maruxa Suárez Coto
Dirección artística e coordinación: María del Carmen Castro Pombo

Adxunta á dirección artística e produción e formación de públicos: María José Martínez Veira
Administración e xestión: Yolanda Abelenda Pardiñas
Coordinación de actividades paralelas: Xiana Márquez Antelo

Rúa dos contos: José Antonio Rodríguez Lista e Javier Varela Golán

Auxiliar de produción: Yolanda Antelo Cameán
Coordinación Certame Microescenas: Alba Bermúdez Iglesias

Coordinación de voluntariado: Nuria Cortés Bernárdez
Comunicación e prensa: The Office Comunicación
Imaxe FIOT 34: Patricia Portela

Programa: Gende Estudio

Servizo técnico: Sonpress

Director técnico: Antonio Porteiro

Equipo mixto de interpretación de lingua de signos, Gema Santos (intérprete) e Ruth Lovera (asesora lingüística xorda)

AGRADECEMENTOS:

Voluntariado do FIOT, Brigada Municipal de Obras, Policía Local, Aula Municipal de Teatro, Mercado Municipal, Centros educativos de Carballo e da comarca de Bergantiños, A.C. Arume de Verdillo, A.X. Arume de Verdillo, Serradorio Eucatar (O Tarambollo), Bodegas Carballo, Residencia de Maiores de Carballo, AFABER, Casino 1889, Mesón do Pulpo, O Patacón, Valle Inclán Café, Café Colón, A Estación, O Logradouro, Interfilm Carballo, Cafetaría Pazo da Cultura, Sol Espazo Artístico, Cadena SER-Radio Nordés, fotógrafos participantes no Zoom FIOT.

Xoves 4 set

PRESENTACIÓN

Fran Sieira Compañía de Danza

Un baile ceibe
Auditorio Pazo da Cultura
19.30 h | Entrada
libre ata completar
capacidade

Xoves 25 set

RÚA DOS CONTOS asSircópatas

Rogelio
Residencia de Maiores
18.00 h | Entrada libre

ANIMACIÓN TEATRAL DE RÚA

asSircópatas

Rúas de Carballo
19.30 h

RÚA DOS CONTOS
Pepo Suevos
A xira do cuarto de século. Aventura 2012
Mesón do Pulpo
21.00 h | 5 €

Venres 26 set

FIOTIÑO Galeatro e Xarope Tulú

Berenguela na gaiola
Auditorio Pazo da Cultura
11.00 h

TEATRO DE RÚA Cía niMú

Pausa
Praza da Cruz Vermella
18.00 h

TEATRO DE RÚA Planeta Trampolín

Back 2 Classics
Praza do Concello
19.30 h

RÚA DOS CONTOS Álex Louzao

Feitizo
Café Colón
21.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS Lois Pérez

Da vara e mais da besta
Bar O Logradouro
23.00 h | 5 €

Sábado 27 set

FIOTIÑO Galeatro e Xarope Tulú

Berenguela na gaiola
Auditorio Pazo da Cultura
18.30 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS
Marita Martínez
Contadiña
Casino 1889
21.00 h | 5 €

RÚA DOS CONTOS

Darío Mares
Atroz
A Estación
23.00 h | 5 €

Domingo 28 set

RÚA DOS CONTOS
Quico Cadaval e Celso Sanmartín
Dous ollos de vidro
Mercado Municipal
20.00 h | 10 €

Xoves 2 out

FIOTEEN
Ainé Producións
Territorio Regueifa
Auditorio Pazo da Cultura
11.00 h

RÚA DOS CONTOS Atenea García e Vero Rilo

Bailen as vellas. Os contos das cereixas
CASINO 1889
21.00 h | 5 €

Venres 3 out

TEATRO DE RÚA
Pistacatro
Sen patrón
Praza do Concello
19.30 h

PROGRAMA DE SALA
Ainé Producións
Territorio Regueifa
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS
Bea Campos
Chegar e encher
Valle Inclán Café
23.00 h | 5 €

Sábado 4 out

PROGRAMA DE SALA
Ainé Producións
Territorio Regueifa
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS
Cía. La Creída
Zorras
Mercado Municipal
23.00 h | 10 €

Domingo 5 out

OTNI
Xampatito Pato
Compañía
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

Xoves 9 out

OTNI
Chicharrón Circo
Flamenco
Empaque
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 5 €

Venres 10 out

TEATRO DE RÚA
GANSO & Cia
Welcome & Sorry
Praza do Concello
19.30 h

PROGRAMA DE SALA
Pont Flotant
Adolescencia infinita
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

RÚA DOS CONTOS
Afundin Jamallos
Tá de ser
O Patacón
23.00 h | 5 €

Sábado 11 out

MICRO-ESCENAS M²
Amparo Martínez
Domitila
Interfilm Carballo
Entrada gratuita
Acceso limitado 12.00,
13.00, 17.30 e 18.30 h

MICRO-ESCENAS M²
Silvia Bátega
Só son unha moza con rabia

Parque das Camelias
Entrada gratuita
Acceso limitado 12.00,
13.00, 17.30 e 18.30 h

PROGRAMA DE SALA
Cía. Campi qui puguí
Matres
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 10 €

RÚA DOS CONTOS
Joaquín Pajarón
Aquí... Supercentráu
Mercado Municipal
23.00 h | 15 €

Domingo 12 out

FIOT EN RUTA
Mariña Lestón
Costa da Morte, cartografía dun naufraxio
Praia de Razo (zona
parque infantil)
12.30 h | 5 €

OTNI
El Patio Teatro
Entrañas
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

Venres 17 out

PROGRAMA DE SALA
Gabriel Chamé
Buendía / Buendía
Theatre
Medida por medida (La culpa es tuya)
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

Sábado 18 out

MICRO-ESCENAS M²
Dani Blanco
O novo

Residencia de Maiores
Entrada gratuita
Acceso limitado 12.00,
13.00, 17.30 e 18.30 h

MICRO-ESCENAS M²
Corifeo Teatro
Covers²
Terraza da Cafetaría do
Pazo da Cultura
Entrada gratuita
Acceso limitado 12.00,
13.00, 17.30 e 18.30 h

PROGRAMA DE SALA
Needcompany
Un sublime error
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 12 €

RÚA DOS CONTOS
Alex O'Dogherty
Palabras mayores
Mercado Municipal
23.00 h | 15 €

Domingo 19 out

FIOT EN RUTA
P.T. Excéntricas
Mala vida e pior morte de Ricardo III
Serradoiro Eucatar, O
Tarambollo (Sofán)
18.00 h | 5 €

PROGRAMA DE SALA
Cía. Lucas
Escobedo e
Compañía
Nacional de Teatro
Clásico
Farra
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

Luns 20 out

FIOTEEN
Cía. Lucas
Escobedo e

Compañía Nacional de Teatro Clásico
Farra
Auditorio Pazo da Cultura
10.00 h

Xoves 23 out

OTNI
Bal Castro
Instinto desexo
Pazo da Cultura
20.00 h | Acceso
gratuito

Venres 24 out

PROGRAMA DE SALA
Barco Pirata e
Teatro Español
14.4
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

Sábado 25 out

MICRO-ESCENAS M²
Bengala Teatro
Físico
Alicia Wants To
Sol Espazo Artístico
Entrada gratuita
Acceso limitado 12.00,
13.00, 17.30 e 18.30 h

MICRO-ESCENAS M²
Uxía Algarra
Gracias por su visita
Terraza do Pazo da
Cultura
Entrada gratuita
Acceso limitado 12.00,
13.00, 17.30 e 18.30 h

PROGRAMA DE SALA
Contraproducións
Yo solo quiero irme a Francia
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 15 €

Domingo 26 out

FIOT EN RUTA
The Momento
Impro
Absurdia
Centro Social de Verdillo
18.00 h | 5 €

OTNI
Cía Caí
Masa madre
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | 5 €

Mércores 29 out

OTNI
Paula Quintas Cía.
Desde o corsé á danza vertical: Do rigor clásico á liberdade aérea contemporánea
Auditorio Pazo da Cultura
20.00 h | Acceso
gratuito

Venres 31 out

PROGRAMA DE SALA
Centro Dramático
Nacional,
Cassandra
Projectes Artísticos
e Andrea Jiménez
Vulcano
Auditorio Pazo da Cultura
21.00 h | 12 €

Sábado 1 nov

FESTA DE CLAUSURA
Le BarLuthier
Le BarLuthier. Un piano bar literal e itinerante
Pazo da Cultura
20.00 h



**RAÍZ VIVA,
MEMORIA COLECTIVA**

ORGANIZAN:



AC Telón e Aparte



PATROCINAN:



**XUNTA
DE GALICIA**



**Deputación
DA CORUÑA**



MINISTERIO
DE CULTURA

inaem

INSTITUTO NACIONAL DE ENLACE DE LA MEMORIA

**Fundación
Luis Calvo Sanz**

COLABORAN:



e camino
escena
norte

RPM
RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROYECTOS
MAGNÉTICOS



MEDIO OFICIAL:

rtve